

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández

D. Javier Pardo Espiñeira
D^a. Eugenia Dolores Blanco Iglesias
D^a. M^a Jesús Lago Rey

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e seis de febreiro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(157).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 12 de febreiro de 2016. Deberá incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(158).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E AUTOS:

Dáse conta das seguintes Sentenzas, Autos e Decretos remitidos por Asesoría Xurídica:

a) Expte. 9453/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 4 de Bilbao RC-A nº 90/2015 P.A. Demandante: D. PATRICIA ORMAZA ARMENTIA. Obxecto: Dilixencia de embargo da conta corrente. Natureza: Recadación executiva por sanción de tráfico. Desistimento da actora.

b) Expte. 9416/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 488/2015 P.A. Demandante: JOSÉ MANUEL BARCO PIÑEIRO. Obxecto: Resolución do 23 xuño de 2015-Responsabilidade patrimonial, colector de R.S.U. e vehículo (Expte. 4268/243). Desestimado o recurso.

c) Expte. 9487/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 558/15 P.A. Demandante: DAVID VIDAL RODRÍGUEZ. Obxecto: Resolución do 04.05.2015 (e o 04.08.2015 en reposición) Responsabilidade patrimonial, danos en vehículo na estrada de Marcosende (Expte. 4307/243). Desestimado o recurso.

d) Expte. 9455/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº PA 494/2015. Demandante: María Rosa Rodríguez Costas. Obxecto: Resolución TEA do Concello de Vigo do 18.06.2015 (dilixencia de embargo, multa de tráfico). Estimado o recurso.

e) Expte. 9463/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 547/2015 PA. Demandante: Marcos Antonio González Tesan. Obxecto: Resolución TEA do Concello de Vigo (dilixencia de embargo en execución de sanción de tráfico). Estimado o recurso.

f) Expte. 9511/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº PA 512/2015. Demandante: Eva María Alonso Bastos. Obxecto: Resolución do TEA do Concello de Vigo de 27.07.2015, exención no IVTM. Estimado o recurso.

g) Expte. 9510/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº PA 515/2015. Demandante: CEFERINO BARBAZÁN COSTAS. Obxecto: Resolución do 1.09.15 sanción tráfico N.I.C. Estimado o recurso.

h) Expte. 9519/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo RC-A nº PA 523/2015. Demandante: Francisca Olga Gutierrez Martínez.

Obxecto: resolución do 15.7.2015. Reclamación patrimonial administrativa, caída o 5.10.14 no paseo de Samil (Expte. 4546/243). Desestimado o recurso.

i) Expte. 9540/111. Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº PA 506/2015. Demandante: CARLOTA ISABEL LOBATO RODRÍGUEZ. Obxecto: resolución do TEA do Concello de Vigo de 27.07.2015. Dilixencia de embargo (sanción de tráfico). Desistimento por incomparecencia.

k) Expte. 9553/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 549/2015 PA. Demandante: JOSÉ FERNÁNDEZ GONZÁLEZ. Obxecto: Resolución do 25 de setembro de 2015. Sanción de tráfico. Desestimado o recurso.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

3(159)- PROPOSTA DE INICIO DO PROCEDEMENTO PARA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ÁREAS DEPORTIVAS E XIMNÁSTICAS E MOBILIARIO URBANO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8732/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22/02/16, da xefa do servizo de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo (PPT).*

ANTECEDENTES

En data 12 de febreiro de 2016, o enxeñeiro do servizo de Montes, Parques e Xardíns, informa da necesidade de proceder á modificación do contrato de servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano, por causa da incorporación de novas zonas e modificación das superficies das existentes.

É preciso comezar realizando unha relación fáctica, por orde cronolóxico, dos antecedentes máis relevantes deste procedemento de licitación:

Primeiro.- *En data 10 de outubro de 2014, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, acordou, entre outros extremos, “Aprobar o expediente de Servizos de Conservación e Reposición de Parques Infantís, Áreas Biosaudables, Áreas deportivas ximnásticas e Mobiliario Urbán do Concello de Vigo”, así como os pregos de prescricións técnicas particulares e de cláusulas administrativas particulares, autorizar o gasto e abrir o período de licitación deste procedemento.*

Segundo.- *En data 10 de abril de 2015, a Xunta de Goberno Local acordou “Adxudicar á Ferrovia Servizos, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo (expediente 7524-446), por un prezo de 1.412.609,52 euros (IVE engadido). Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

Terceiro.- *En data 29 de abril de 2015 formalizouse o contrato en documento administrativo, comezando a súa execución en data 1 de maio do mesmo ano, agás para as prestacións relativas ó mantemento, conservación e reposición das áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas, que comezou o día 15 de xullo de 2015.*

Cuarto.- *É obxecto deste contrato “a prestación dos servizos de mantemento, conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo relacionados nos Anexos I, II, III, IV e V do prego de bases técnicas, así como daquelas outras que se vaian incorporando consonte o disposto no apartado 3.1. do prego de prescricións técnicas” (apartado 2.A da FEC).*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-/-

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta modificación. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación so poderá modificar os contratos cando así se previu nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizar os mesmos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ó redactar as mesmas. Así evítase conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Por contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- *Os supostos en que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.*
- *As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.*
- *O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.*
- *O procedemento que haxa de seguirse para a modificación.*

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- *Alteracións producidas na superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou redución de unidades de bancos ou bebedeiros.*
- *Incorporación de novos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou unidades de bancos ou bebedeiros.*

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):

- *Diminución ou incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas.*
- *Diminución ou incremento de unidades de bancos ou bebedeiros.*

Se ben se establece como límite á modificación que non poderá superar o 10% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

Respecto ó procedemento a seguir en caso de modificación, prevénse as seguintes especialidades:

- O incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou de unidades de bancos ou bebedeiros cuxo mantemento é obxecto deste contrato inferior ó 5 % do prezo de adxudicación, non afectará ó prezo do contrato segundo o disposto no apartado 3.1. do prego de Bases Técnicas. Se os incrementos, illada ou conxuntamente, superan esta porcentaxe se incrementará en proporción o prezo do contrato pero excluindo sempre o 5% exento de pago.
- Para calcular o valor da modificación se aplicará á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC ó que se aplicará a porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adxudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A.
- En caso de incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou de unidades de bancos ou bebedeiros, poderá modificarse o contrato sen que o seu prezo experimente variación, mediante a reorganización do servizo, variando outros aspectos tales como a frecuencia de mantemento, a intensidade, etc.

No presente caso a modificación ven motivada porque producíronse modificacións nas superficies dos parques cuxo mantemento está comprendido no obxecto do contrato, tanto incrementos como diminución das mesmas; creáronse novos parques e incrementouse o mobiliario urbano dos mesmos, en concreto, os bancos.

Informa ó respecto o enxeñeiro municipal do servizo de Montes, parques e xardíns, en data 18 de febreiro de 2016, o seguinte:

“ Produxéronse alteracións nos listados das zonas obxecto do contrato por:

- Modificación nas superficies ou unidades.
- Incorporación de novas zonas.

ZONAS DE NOVA CREACIÓN:

Parques infantís

- P.I. Aragón Redomeira 120,00 m²
- P.I. Teixugueiras Nº 34 451,00 m²
- P.I. Pizarro (Urbanización) 143,20 m²

Parques Biosaudables

- P.B. Samil 117,43 m²
- P.B. Aragón 77,84 m²

| | |
|--|-----------------------|
| – P.B. Praia de Sta Baía | 154,00 m ² |
| – P.B. Alameda de S. Pelaio de Navia | 82,00 m ² |
| – P.B. Rúa Moaña | 115,00 m ² |
| – P.B. Polideportivo Berbés | 148,05 m ² |
| – P.B. Pizarro | 150,00 m ² |
| – P.B. Mestre Montes | 144,20 m ² |
| – P.B. Barrio das Flores | 52,00 m ² |
| – P.B. Mondariz | 85,00 m ² |
| – P.B. Alameda Andrés Gaos | 130,40 m ² |
| – P.B. Balaídos Lagares | 109,93 m ² |
| – P.B Relfas | 187,00 m ² |
| – P.B Independencia..... | 126,40 m ² |
| – P.B Mercado-Toural de Abaixo..... | 232,55 m ² |
| – P.B Centro Cultural Becerreira..... | 126,40 m ² |
| – P.B Capela do Vao | 190,00 m ² |
| – P.B A. VV Beade | 128,00 m ² |

Bancos de nova instalación:

- 419 Uds

Zonas detraídas:

Parques infantiles

- Parque Infantil de Bouzas

126,49 m²

Este Parque se atopábase en terreos de Obras do Porto e procederon á súa retirada para transformar a superficie en aparcamento.

Zonas nas que se amplia a superficie:

Parques infantiles

- P.I. Praza Independencia

166,47 m²

Parques Biosaudables:

- P. B. Pablo Iglesias

110,00 m²

– P. B.Parque de Castrelos..... 588,12 m²

Todas estas modificacións quedan reflectidas na seguinte táboa:

| | Listados Adxudicación(m2) | Listados ampliados/detraídos | Superficie/unidades |
|--|------------------------------|---------------------------------|---------------------|
| Parques infantís (m ²) | 42.402,82 | 43.157,00 | 754,18 |
| Áreas biosaudables (m ²) | 9.305,31 | 10.781,16 | 3054,32 |
| Áreas deportivas ximnásticas (m ²) | 1.416,13 | 1.416,13 | 0 |
| Bancos (unidades) | 2153 | 2.572,00 | 419 |
| Bebedeiros (unidades) | 11 | 11,00 | 0 |

Valoración das modificacións:

| | Superficie/unidades | Prezo unitario vixente/ano | Prezo /ano |
|--|---------------------|-------------------------------|------------|
| Parques infantís (m ²) | 754,18 | 6,05 | 4.562,79 |
| Áreas biosaudables (m ²) | 3054,32 | 6,05 | 18.478,64 |
| Áreas deportivas ximnásticas (m ²) | 0 | 6,05 | 0,00 |
| Bancos (unidades) | 419 | 14,7 | 6.159,30 |
| Bebedeiros (unidades) | 0 | 8,44 | 0,00 |

Polo tanto, o importe total da modificación é de 29.200,73 €/ano, e dicir, 2.433,39€/mes, polo que o importe total nos 38 meses restantes ata a finalización do contrato é de 92.468,98€

Dado que ó 5% do importe do contrato está exento de custe, isto supón 70.630,47€ ó longo de todo o contrato, e tendo en conta que restan 38 meses ata o final do contrato dende a data prevista da ampliación (1 de Marzo do 2016) o importe mensual exento é de 1.858,70 €/mes.

Os importes económicos que non se imputarán, son:

| Ano de aplicación | Período | Importe | % Adjudicación do prezo do contrato |
|--------------------------|----------------------------------|------------------|--|
| Ano 2016 | Do 1 de Marzo a 31 de decembro | 18.586,96 | 1,32 |
| Ano 2017 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 22.304,40 | 1,58 |
| Ano 2018 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 22.304,40 | 1,58 |
| Ano 2019 | Do 1 de xaneiro a 30 de Abril | 7.434,80 | 0,53 |
| Total | | 70.630,56 | 5,00 |

Os importes económicos imputables durante os 38 meses de contrato son:

| Ano de aplicación | Período | Importe | % adjudicación |
|--------------------------|----------------------------------|------------------|-----------------------|
| Ano 2016 | Do 1 de Marzo a 31 de decembro | 5.746,90 | 0,40 |
| Ano 2017 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 6.896,28 | 0,49 |
| Ano 2018 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 6.896,28 | 0,49 |
| Año 2019 | Do 1 de xaneiro a 30 de Abril | 2.298,76 | 0,16 |
| Total | | 21.838,22 | 1,54 |

No caso que a execución da prestación comece con posterioridade a data indicada no cadro anterior (1 de marzo), os importes correspondentes sufrirán o desconto proporcional que corresponda.

Este importe anual, para o ano 2016 (5.746,90€) pódese cargar á partida 1710-227.99.02”.

Do exposto despréndese que a modificación proposta alcanza un 6,54% do prezo do contrato, atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do contrato, que é do 10% do seu prezo segundo o apartado 16.D da FEC . No entanto, tal e como dispón o apartado 16.E da FEC “O incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou de unidades de bancos ou bebedeiros cuxo mantemento é obxecto deste contrato inferior ó 5 % do prezo de adjudicación, non afectará ó prezo do contrato segundo o disposto no apartado 3.1. do prego de Bases Técnicas. Se os incrementos, illada ou conxuntamente, superan esta porcentaxe se incrementará en

proporción o prezo do contrato pero excluindo sempre o 5% exento de pago". Para calcular o valor da modificación, de acordo co apartado 16.E da FEC, aplicouse á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC, previa aplicación ó mesmo da porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adxudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A.

-III-

A potestade de modificación unilateral da Administración o ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación regulado no mesmo.*
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.*
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.*

Respecto dos límites procedimentais, é preciso evacuar trámite de audiencia ó contratista. Non é preciso solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto a modificación é dun 6,54% do prezo primitivo do contrato.

Respecto dos límites materiais, ponse de releve que a modificación obedece a unha razón de interese público: prover o mantemento dos parques infantís e áreas biosaudables de nova creación, o cuxa superficie resultou incrementada, así como o mantemento de novo mobiliario urbano dos mesmos. Os municipios poden asumir competencias en materia de servizos relativos á promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre dos cidadáns, en virtude do disposto nos artigos 25.2.l da LBRL e 80.2.m da LALGA.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar o contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Nesta liña, e tal e como se desprende do informe do enxeñeiro municipal transcrito no fundamento xurídico anterior, a Administración compensará o contratista pola modificación proposta no que reste do período contractual.

Unha vez evacuado o trámite de audiencia, formularase proposta sobre a presente modificación ó órgano de contratación. A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

-IV-

O artigo 99.3 do TRLCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación. En consecuencia, unha vez aprobado este, deberá notificarse ó contratista a estes efectos, para que proceda o seu reaxuste con carácter previo á formalización da modificación.

-V-

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, que é un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:*

“1º.- Iniciar procedemento para a modificación do contrato de servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo. As modificacións, nos termos que constan no informe do enxeñeiro municipal de data 18 de febreiro de 2016, consistirán en:

- 1. Un incremento da superficie dos parques infantís obxecto do contrato de 754,18 m2, resultado da creación dos novos parques infantís de Aragón Redomeira, Teixugueiras Nº 34 e Pizarro (Urbanización), do incremento da***

superficie do parque infantil da Praza da Independencia e da supresión do parque infantil de Bouzas.

2. *Un incremento da superficie das áreas biosaudables obxecto do contrato de 3054,32 m2, resultado da creación das novas áreas de P.B. Samil, P.B. Aragón, P.B. Praia de Sta Baia, P.B. Alameda de S. Pelaio de Navia, P.B. Rúa Moaña, P.B. Polideportivo Berbés, P.B. Pizarro, P.B. Mestre Montes, P.B. Barrio das Flores, P.B. Mondariz, P.B. Alameda Andrés Gaos, P.B. Balaídos Lagares, P.B Relfas, P.B Independencia, P.B Mercado-Toural de Abaixo, P.B Centro Cultural Becerreira, P.B A. VV Beade, P.B Capela do Vao; e do incremento da superficie dos P. B. Pablo Iglesias e P. B. Parque de Castrelos.*

3. *Un incremento de 419 Bancos.*

2º.- A modificación representa un 6,54% do prezo primitivo do contrato, se ben o primeiro 5 % non afectará ó prezo do mesmo, segundo o disposto no apartado 3.1. do prego de Bases Técnicas e 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares. Compensarase ó contratista por mor desta modificación cos importes reflectidos na seguinte táboa:

| Ano de aplicación | Período | Importe |
|--------------------------|----------------------------------|------------------|
| Ano 2016 | Do 1 de Marzo a 31 de decembro | 5.746,90 |
| Ano 2017 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 6.896,28 |
| Ano 2018 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 6.896,28 |
| Año 2019 | Do 1 de xaneiro a 30 de Abril | 2.298,76 |
| Total | | 21.838,22 |

No caso que a modificación se formalice con posterioridade ó 1 de marzo, reaxustarase o importe correspondente ó ano 2016 (5.746,90€), o cal imputarase á partida 1710-227.99.02.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.-Evacuar trámite de audiencia do presente acordo ó contratista, por prazo de dez días para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(160).- PROPOSTA DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS. EXPTE. 5517/241.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23/02/16, da xefa do servizo de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

–Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

–Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Regulamento regulador do funcionamento da Central De Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias, aprobado por acordo da Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provincias de data 28 de xaneiro de 2014 (en adiante, RCCFEMP).

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provincias (en adiante, FEMP), de 28 de xaneiro de 2014, ao amparo do previsto no artigo 203 do TRLCSP e no último parágrafo do apartado 3 da Disposición Adicional quinta da LRBRL, creou a Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias, coa finalidade de contratar bens e servizos que, polos seus especiais características, sexan susceptibles de ser utilizados con carácter xeral polas Entidades Locais asociadas á FEMP e os seus entes instrumentais.

Por diversos servizos municipais manifestouse ó servizo de Contratación a conveniencia de adherirse á mesma de cara a lograr condicións económicas máis favorables na contratación de diversas subministracións ou servizos, coa conseguinte redución do gasto público.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- *A nosa lexislación contractual regula sistemas de racionalización técnica da contratación, que teñen por finalidade simplificar a tramitación dos contratos, o que permite obter aforros, tanto en tempo como en custes ós poderes adxudicadores. O TRLCSP regula tres sistemas de racionalización técnica da contratación: os acordos marco, os sistemas dinámicos de contratación e a centralización da contratación de obras, servizos e subministracións en servizos especializados (artigo 194 TRLCSP).*

As centrais de contratación son servizos especializados nos que se centraliza a contratación de obras, servizos e subministracións para outros órganos de contratación (artigo 203.1 TRLCSP). Poderán realizar algunha das seguintes funcións (artigo 203.2 TRLCSP):

- *Adquirir suministros e servizos para outros órganos de contratación.*
- *Adxudicar contratos para outros órganos de contratación.*
- *Celebrar acordos marco para a realización de obras, suministros ou servizos destinados aos mesmos.*

A súa actuación, tanto na adxudicación de contratos como na celebración de acordos marcos, suxeitarase ó TRLCSP e as súas disposicións de desenvolvemento (artigo 203.3 TRLCSP).

O artigo 205 do TRLCSP permite ás entidades locais adherirse, ou ben o sistema de contratación centralizada estatal regulado no artigo 206 da mesma lei, ou ben a outros sistemas creados ou ben polas Comunidades autoónomas ou ben por outros entes locais.

Segundo.- A Central de Contratación da FEMP foi creada por acordo da Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provincias de data 28 de xaneiro de 2014. A súa regulación está contida no Regulamento regulador do funcionamento da Central De Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias, aprobado por acordo do mesmo órgano e data (en adiante, RCCFEMP).

O RCCFEMP configura a central como un instrumento que permite “a tramitación e/ou adxudicación das prestacións doutros poderes adxudicadores, neste caso as Entidades Locais asociadas, dando aplicación aos principios de simplificación administrativa, facilitando os procesos de contratación e posibilitando, mediante a aplicación das denominadas economías de escala e a estandarización das obras, servizos e subministros, o logro de condicións económicas máis favorables na contratación dos mesmos, coa conseguinte redución do gasto público” (artigo 1).

O seu funcionamento suxeitase ó TRLCSP e a lexislación de desenvolvemento do mesmo (artigo 3 RCCFEMP). Para garantir a aplicación efectiva dos principios de publicidade, libre concorrencia, obxectividade, transparencia e eficacia impostos pola lexislación de contratos arbitrase que a Comisión Especial de Contas e Contratación exercerá as funcións de control e vixilancia da actividade contractual desenvolvida pola Central de Contratación (artigo 4 RCCFEMP).

No Regulamento fíxanse a súa estrutura organizativa (artigo 4) e os dereitos e obrigas das entidades locais adheridas (artigo 5).

Os dereitos das entidades locais adheridas son:

- A adhesión voluntaria á central, sen obrigación de contratar a través da mesma.
- Contar con información e asesoramento sobre os contratos e acordos formalizados pola mesma.

As obrigas son:

- Efectuar debidamente, tanto a recepción dos bens e servizos obxecto de cada contratación, como a súa facturación e pago.
- Poñer en coñecemento da Central de Contratación a demora nos prazos de entrega ou execución, defectos existentes nos bens fornecidos ou servizos prestados ou calquera outro incumprimento total ou parcial das contratacións, a efectos das posteriores medidas que se estime oportuno adoptar de conformidade co establecido nos correspondentes pregos e na propia lexislación contractual, incluída a esixencia de responsabilidades, no seu caso.
- Proporcionar os datos que se lles requira desde a Central de Contratación da FEMP en orde ao mellor funcionamento ou á mellor prestación dos servizos da mesma.

No artigo 6 establece o réxime económico da central. Para sustentar os gastos xerais da Central de Contratación, en canto ao persoal, medios materiais e técnicos precisos para o establecemento da mesma, e os provenientes da actividade da Comisión de Supervisión e Control dos contratos, establece a obriga das entidades adheridas de pagar unha retribución, fixa ou variable, polos contratos celebrados a través da mesma. "A parte variable de dita retribución poderá ser fixada sobre o prezo de adxudicación que resulte en cada contrato ou acordo, que será establecido, en cada caso, ao tempo de propoñerse a licitación do contrato de que se trate, e virá determinado en consideración a modalidade, as características e a contía do contrato ou acordo, así como á complexidade do proceso de contratación centralizada e custos asociados ao mesmo".

Terceiro.- Poderán adherirse á Central de Contratación da FEMP os Concellos, Diputacións Provinciais, Cabildos, Consellos Insulares e demais Entes Locais asociados á FEMP, así como os organismos autónomos e entes públicos dependentes deles (artigo 205 do TRLCSP, disposición adicional quinta da LRBRL e artigo 8.2 dos Estatutos da FEMP).

No entanto, a adhesión á Central de Contratación de la FEMP non implica a obriga de efectuar a contratación a través da mesma, senón que, ó órgano de contratación, a proposta dos correspondentes servizos xestores, poderá optar por contratar a través da citada central, ou contratar directamente, en función do que en cada caso se estime máis vantaxoso para os intereses municipais.

Examinados os dereitos e obrigas que implica a adhesión, e á vista dos aforros que podería supoñer contratar a través da mesma, a xuízo da informante, resultaría vantaxoso para os intereses municipais adherirse á mesma.

Cuarto.- A competencia para acordar a adhesión á Central de Contratación da FEMP correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministros que oferte a citada Central, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

2º.- Facultar ó Sr. Alcalde para que en nome e representación do Concello de Vigo proceda á formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo.

3º.- Remitir o presente Acordo á Federación Española de Municipios e Provincias aos efectos oportunos.”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente acordo.

5(161).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A DOAZÓN DUNHA ESCULTURA DE “BALBINO” DE XOSÉ NEIRA VILAS. EXPTE. 14837/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 05/02/16 e o informe de fiscalización do 16/02/16, dáse conta do informe-proposta do 05/02/16, do xefe do servizo de Promoción e Xestión Cultural conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

“Con data 5 de febreiro de 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase a tramitación dun expediente para un convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e maila Deputación Provincial de Pontevedra para a doazón dunha escultura do “Balbino”, a personaxe da novela “Memoria dun neno labrego” de Xosé Neira Vilas, a instalar nas inmediacións da Biblioteca Pública Municipal que leva o nome do referido autor.

As xestións entrambas partes comezaron hai un tempo e finalmente concretáronse nun protocolo de intencións, asinado con data 28 de xaneiro pasado, e que se inclúe no expediente.

A proposta de convenio que achega a Deputación Provincial establece que o seu Servizo de Canteiros realizará unha escultura do “Balbino” en granito, asumindo os custos de material, materiais técnicos especiais e o traballo do seu alumnado; pola súa banda, o Concello asumirá os custos do traslado da escultura, a obra de cimentación para a súa instalación e a posible grúa necesaria para executala, ademais do seu posterior mantemento e iluminación. Todos estos conceptos non suporán gastos directos xa que serán realizados con medios municipais, a través das Concellerías de Fomento e de Parques e Xardíns.

Por este motivo, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e tralo informe xurídico, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“Aprobar o texto do convenio de colaboración, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e maila Deputación Provincial de Pontevedra para a doazón dunha escultura do “Balbino”, a instalar nas inmediacións da Biblioteca Pública Municipal “Xosé Neira Vilas”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA DOAZÓN DUNHA ESCULTURA DO “BALBINO” DE XOSÉ NEIRA VILAS

Vigo, XX de febreiro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte **D^a. MARÍA DEL CARMEN SILVA REGO**, na súa calidade de Presidenta da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, actuando na súa representación de conformidade coas

competencias establecidas no Artigo 34.1.b da Lei 7/85 de 2 de Abril Reguladora de Bases de Réxime Local,

Doutra parte **D. ABEL CABALLERO ÁLVAREZ**, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello de Vigo, actuando no seu nome e coas atribucións que lle confire a normativa local vixente,

E actuando como secretario da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, D. CARLOS CUADRADO ROMAY, e como secretaria do Goberno Municipal, D^a CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA, dando fé do acto.

Todas as partes intervintes recoñécense plena capacidade para levar adiante o presente convenio, e

EXPOÑEN

1.- Que a Escola de Canteiros de Pontevedra, como servizo da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, presta colaboración a diferentes Concellos e Entidades da nosa provincia no embelecemento de espazos públicos, a través de pezas escultóricas .

2.- Que o Concello de Vigo quere fomentar o enriquecemento artístico nos espazos do seu término municipal, á vez que promover ó acercamento do público á lectura, polo que promoverá a instalación nas proximidades da Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”, dunha escultura representativa dunha personaxe da súa produción literaria, e en tal sentido

ACORDAN

PRIMEIRO.- O presente Convenio ten por obxecto a instalación no entorno da Biblioteca Pública Municipal “ Xosé Neira Vilas” de Vigo , sita na Avenida Martínez Garrido da cidade olívica, dunha escultura realizada en granito pola Escola de Canteiros de Pontevedra, representativa de “Balbino”, personaxe da novela “ Memoria dun neno labrego” do referido escritor galego.

SEGUNDO.- O Servizo da Escola de Canteiros promoverá a realización da mencionada escultura cun custe global de **catro mil catrocentos deza seis euros con cincuenta céntimos (4.416,50 €)**, correspondendo **300,00 €** ao granito empregado para á confección da peza escultórica, **850,00 €** aos materiais técnicos especiais utilizados na súa elaboración que imputaranse á aplicación orzamentaria 14/324.323.221.15, e **2.500,00 €** ao traballo do alumnado da Escola de Canteiros con cargo á aplicación orzamentaria 14 /324.323.481.02

TERCEIRO.- Correrán a cargo do Concello de Vigo os custes dos portes da escultura ata o lugar sinalado para a súa ubicación, a necesaria obra de cimentación para a instalación da escultura e os custes da grúa precisa para executar a instalación.

CUARTO.- Así mesmo, o Concello de Vigo asumirá o mantemento e conservación da obra, ademais da iluminación da escultura.

QUINTO.- Na escultura deberá figurar que a súa instalación foi financiada pola Deputación Provincial de Pontevedra e que a súa realización correu a cargo da Escola de Canteiros.

SEXTO.- O Concello de Vigo deberá presentar, unha vez instalada a escultura, a correspondente xustificación da publicidade do referido patrocinio, mediante reportaxe fotográfico, recorte de prensa, etc.

SÉTIMO.- O presente convenio terá establecida a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2016.

OITAVO.- Este convenio non comportará ningunha relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo, de forma que non se poderá esixir ningunha responsabilidade directa, indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

As partes acordan a submisión do presente convenio á orde xudicial contencioso-administrativa e expresamente ós xulgados do contencioso de Pontevedra.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio por triplicado, no lugar e data anteriormente citados

**A Ilma. Sra. Presidenta da
Deputación de Pontevedra**

**O Excmo. Sr. Alcalde do
Concello de Vigo**

M^a del Carmen Silva Rego

Abel Caballero Álvarez”

6(162).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL “XOSÉ NEIRA VILAS”. EXPTE. 14147/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22/02/16, dáse conta do informe-proposta do 18/02/16, do xefe do servizo de Promoción e Xestión Cultural, conformado polo secretario de Admon. Municipal, polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Con data 3 de abril de 2014 asinouse o contrato de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Pública Municipal “Xosé Neira Vilas” (expte 14147/331) entre o Concello de Vigo e a empresa LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS S.L., CIF B15648595.

O contrato fora adxudicado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 14 de marzo de 2014; os pregos de cláusulas técnicas (PPT) e administrativas (PCAP) que rexen para este contrato, e forman parte del, foran aprobados pola Xunta de Goberno Local do 14 de xuño de 2013.

O prazo do contrato é de tres anos, contados dende o 3 de abril de 2014, e o prezo de 762.300 € (setecentos sesenta e dous mil trescentos euros), IVE incluído.

O prezo anual de licitación ascendía a 272.700 €; de acordo coa oferta da empresa adxudicataria LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS S.L. e o acordo da XGL de adxudicación (14 de marzo 2014) o importe anual do contrato ascende a **254.100 €**.

REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO.-

A cláusula 30 do PCAP sobre “REVISIÓN DE PREZOS” establece:

“1.- Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 3.J da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación corresponderalle ó responsable do contrato que se aterá ó previsto nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.

2.- O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.

3.- As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación.”

E o apartado 3.J da FEC dice que “Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20 % do seu importe, e recollerá o 50% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.”

Procede realizar a primeira revisión de prezos por cumprirse as condicións establecidas no PCAP: xa ten transcorrido máis dun ano dende a formalización do contrato (3 de abril de 2014) e xa se ten executado máis do 20% do seu importe.

- Data de adxudicación do contrato.- 14 de marzo de 2014.

- Data de sinatura do contrato.- 3 de abril de 2014.

- Data de revisión.- 3 de abril de 2015 (un ano dende a formalización do contrato).

- Data de finalización de presentación de ofertas.- 9 de outubro de 2013.

- Fórmula para a revisión.- 50% da variación do IPC nacional, no período definido no apartado 3.J das FEC.

- Período de revisión.-

A) Dende a data de revisión (3 de abril de 2015) e a data de adxudicación do contrato (14 de marzo de 2014), sempre que esta -a data de adxudicación- se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas (9 de outubro de 2013). Neste caso teñen transcorrido máis de 3 meses entre a data de adxudicación e a data de finalización de ofertas (máis de 5 meses); por tanto non sería de aplicación este suposto.

B) ou entre a data de revisión (3 de abril de 2015) e a data de adxudicación do contrato sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas (que non é o caso) ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses -dende a data de finalización de presentación de ofertas- e que se correspondería co 9 de xaneiro de 2014, se a adxudicación se produce con posterioridade.

Por tanto o período para aplicar a fórmula de revisión sería o comprendido entre o 9 de xaneiro de 2014 e o 3 de abril de 2015.

Importe da variación do prezo.-

A variación do IPC nacional entre o período xaneiro de 2014 e abril de 2015 é, según o documento que se achega no expediente, do 0,4 %, polo que a variación do prezo do contrato a aplicar é do **0,2 %**, que supón o 50% da variación do IPC no período correspondente.

Período do novo prezo do contrato.-

O período de aplicación do novo prezo do contrato sería dende o 3 de abril de 2015 ata o 2 de abril de 2016.

NOVOS PREZOS DO CONTRATO.-

O prezo anual do contrato adxudicado é de 254.100 € iva engadido, polo que se aplicamos a variación correspondente do IPC ($254.100 * 0,2 \% = 508,20 \text{ €}$), o resultado sería para o período do 3 de abril de 2015 ata o 2 de abril de 2016:

- importe anual de **254.608,20 €**, ive engadido
- importe mensual de **21.217,35 €**, ive engadido

ATRASOS PARA A PRIMEIRA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO.-

Os atrasos a regularizar por parte da empresa adxudicatária serían, para o prazo do do 3 de abril de 2015 ata o 29 de febreiro de 2016, os seguintes:

- Período 3/04/2015 ao 30/04/15: $705,83 \text{ €/día} * 28 \text{ días} = 19.763,32 \text{ €} * 0,2\% = \mathbf{39,53 \text{ €}}$
- Período 1/05/15 a 29/02/16: $21.175\text{€/mes}*10 \text{ meses} = 211.750 \text{ €} * 0,2\% = \mathbf{423,50 \text{ €}}$

TOTAL ATRASOS: 3/04/15 a 29/02/16: 463,03 €

Polo exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, do secretario de Administración Municipal e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, previo o informe da Intervención Xeral, faise á seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

“1.- Que se aprobe o novo prezo anual do contrato de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Pública Municipal “Xosé Neira Vilas” (expte 14147/331) entre o Concello de Vigo e a empresa LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS S.L., CIF B15648595; de acordo co establecido na cláusula 30 do PCAP sobre “REVISIÓN DE PREZOS” e o apartado 3.J da FEC que dí: “Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20 % do seu importe, e recollerá o 50% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.”

- **Data de adxudicación do contrato.-** 14 de marzo de 2014.

- **Data de sinatura do contrato.-** 3 de abril de 2014.

- **Data de revisión de prezo.-** 3 de abril de 2015 (un ano dende a formalización do contrato).

- **Fórmula para a revisión.-** 50% da variación do IPC nacional, no período definido no apartado 3.J das FEC.

- **Período de revisión.-** Entre o 9 de xaneiro de 2014 e o 3 de abril de 2015.

- **Importe da variación do prezo.-** 0,2 %, que é o 50% da variación do IPC nacional entre xaneiro de 2014 e abril de 2015 (0,4 %), o que suporía un importe de **508,20 €** (254.100 -prezo anual de adxudicación-* 0,2%), ive engadido.

- **Período do novo prezo do contrato:** o período de aplicación do novo prezo do contrato sería dende o 3 de abril de 2015 ata o 2 de abril de 2016.

- **Prezo anual do contrato para o período indicado.- 254.608,20 €** (douscentos cincuenta e catro mil seiscentos oito euros con vinte céntimos) que se imputarán á aplicación orzamentaria 3321.227.99.10.

2.- Que a regularización da revisión de prezos para o período 3 de abril de 2015 ao 29 de febreiro de 2016, por un importe de **463,03 €** (catrocentos sesenta e tres euros con tres céntimos), se realice na primeira factura emitida pola empresa adxudicataria unha vez lle sexa notificado este acordo.

3.- Que a partir da notificación do acordo da aprobación de novos prezos a empresa adxudicataria facture a prezos actualizados, que supón **un importe mensual de 21.217,35 €** (vinteún mil douscentos dezasete euros con trinta e cinco céntimos).

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(163).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA DURANTE O MES DE XANEIRO DE 2016. EXPTE. 755/330.

Dáse conta do seguinte informe de data 23/02/16, do xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura:

*"En cumprimento das instrucións da base 31ª das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo **servizo da Área de Cultura**, nos mes de **xaneiro de 2016**.*

SERVIZO: Área de Cultura

| EXPTE | DATA | CONCEPTO | APLICACIÓN ORZAMENTAR IA | Nº OPERACIÓN | IMPORTE | TERCEIRO |
|---------|----------|---|--------------------------|--------------|-------------|-----------------------------|
| 685-330 | 12/01/16 | CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN E MANTEMENTO DE CONTIDOS RELACIONADOS COA PROGRAMACIÓN E PROMOCIÓN DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS NA WEB "VIGOCULTURA.ORG" | 3330.227.99.00 | 9274 | 19.366,41 € | HERMES SISTEMAS, S.L. |
| 686-330 | 08/01/16 | CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN DO CAFVI PARA O EXERCICIO 2016 | 3330.227.99.11 | 9107 | 1.597,20 € | VEOLIA SERVICIOS NORTE, SAU |

| EXPTE | DATA | CONCEPTO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | Nº OPERACIÓN | IMPORTE | TERCEIRO |
|---------|----------|--|-------------------------|--------------|-------------|----------------------------------|
| 687-330 | 08/01/16 | CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTENIMENTO PREVENTIVO DO ELEVADOR DA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" PARA O EXERCICIO 2016 | 3330.227.99.06 | 9100 | 3.368,64 € | ASCENSO RES ENOR, S.A. |
| 688-330 | 08/01/16 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA SERVIZOS DE MENSAXERÍA E DISTRIBUCIÓN DA ÁREA DE CULTURA | 3330.223.00.00 | 9091 | 2.000,00 € | XENÉRICO |
| 689-330 | 12/01/16 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA TRABALLOS E SERVIZOS TÉCNICOS NA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" | 3330.227.99.00 | 9271 | 1.000,00 € | XENÉRICO |
| 690-330 | 12/01/16 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA GASTOS DE ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS | 3330.226.01.00 | 9272 | 1.000,00 € | XENÉRICO |
| 691-330 | 27/01/16 | GASTOS DE LOCOMOCIÓN DE CARGOS ELECTIVOS | 3330.231.00.00 | 14318 | 1.450,00 € | XENÉRICO |
| 692-330 | 29/01/16 | GASTOS DE DIETAS DE CARGOS ELECTIVOS | 3330.230.00.00 | 14386 | 1.000,00 € | XENÉRICO |
| 693-330 | 12/01/16 | SERVIZOS DE REVISIÓN E REPARACIÓN DE MAQUINARIA E INSTALACIÓNS NA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA SERVIZOS DE REVISIÓN E REPARACIÓN DE MAQUINARIA E INSTALACIÓNS NA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" | 3330.213.00.00 | 9299 | 3.000,00 € | XENÉRICO |
| 694-330 | 12/01/16 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA SERVIZOS DE REVISIÓN E REPARACIÓN DO EDIFICIO NA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" | 3330.212.00.00 | 9312 | 2.000,00 € | XENÉRICO |
| 695-330 | 12/01/16 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA SUBMINISTRACIÓNS PARA REPARACIÓNS, MANTENIMENTOS E CONSERVACIÓN DE MAQUINARIA E INSTALACIÓNS TÉCNICAS NA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" | 3330.213.00.00 | 9313 | 500,00 € | XENÉRICO |
| 696-330 | 12/01/16 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA SUBMINISTRACIÓN DE ELEMENTOS PARA REPARACIÓN E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO DA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" | 3330.212.00.00 | 9107 | 2.000,00 € | XENÉRICO |
| 697-330 | 08/01/16 | CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DO ESPECTÁCULO "MAMMA MÍA!" | 3340.226.09.05 | 9104 | 21.778,79 € | STAGE ENTERTAINMENT ESPAÑA, S.L. |
| 698-330 | 12/01/16 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA EDICIÓN DE MATERIAL DE DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIAS | 3340.226.02.00 | 9277 | 10.000,00 € | XENÉRICO |
| 699-330 | 08/01/16 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA ADQUISICIÓN DE PRENSA E REVISTAS | 3340.220.01.00 | 9092 | 1.000,00 € | XENÉRICO |
| 701-330 | 15/01/16 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA TRABALLOS E SERVIZOS TÉCNICOS NO AUDITORIO MUNICIPAL | 3331.227.99.00 | 9938 | 2.000,00 € | XENÉRICO |
| 702-330 | 15/01/16 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA SERVIZOS DE REPARACIÓN DE MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTILLAXE EN DEPENDENCIAS CULTURAIAS | 3340.213.00.00 | 9934 | 3.000,00 € | XENÉRICO |

| EXPTE | DATA | CONCEPTO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | Nº OPERACIÓN | IMPORTE | TERCEIRO |
|---------|----------|---|-------------------------|--------------|-------------|---|
| 703-330 | 14/01/16 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA SERVICIOS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO EN DEPENDENCIAS CULTURAIS | 3340.212.00.00 | 9672 | 3.000,00 € | XENÉRICO |
| 705-330 | 12/01/16 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA GASTOS DE ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS | 3340.226.01.00 | 9278 | 1.000,00 € | XENÉRICO |
| 706-330 | 27/01/16 | GASTOS DE LOCOMOCIÓN DE CARGOS ELECTIVOS | 3340.231.00.00 | 14327 | 1.000,00 € | XENÉRICO |
| 707-330 | 29/01/16 | GASTOS DE DIETAS DE CARGOS ELECTIVOS | 3340.230.00.00 | 14385 | 1.000,00 € | XENÉRICO |
| 715-330 | 15/01/16 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA SUBMINISTRACIÓN DE ELEMENTOS PARA REPARACIÓN E CONSERVACIÓN DAS DEPENDENCIAS CULTURAIS | 334.212.00.00 | 9935 | 500,00 € | XENÉRICO |
| 727-330 | 28/01/16 | CONTRATACIÓN DE INSERCIÓNS PUBLICITARIAS COA AXENDA CULTURAL NO SUPLEMENTO DOMINICAL "VIDA" DE ATLÁNTICO DIARIO | 3340.226.02.00 | 13821 | 14.520,00 € | RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A. (ATLÁNTICO DIARIO) |
| 728-330 | 28/01/16 | CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DE AXENDA CULTURAL PARA INSERCIÓNS PUBLICITARIAS EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN | 3340.226.02.00 | 13822 | 4.719,00 € | ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. |
| 729-330 | 28/01/16 | CONTRATACIÓN DE INSERCIÓNS PUBLICITARIAS DE AXENDA CULTURAL NO SUPLEMENTO DOMINICAL DE "LA REGIÓN" DURANTE O EXERCICIO 2016, O DERRADEIRO DOMINGO DE CADA MES | 3340.226.02.00 | 13825 | 19.602,00 € | LA REGIÓN, S.A. |

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda informada.

8(164).- NORMAS DE ADJUDICACIÓN DE PRAZAS E MATRÍCULA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2016/2017. EXPTE. 17682/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22/02/16, dáse conta do informe-proposta do 22/02/16, do técnico de Actividades Culturais e Educativas conformado pola concelleira-delegada de Educación que di o seguinte:

“O Concello de Vigo, a través do seu Servizo de Educación, xestiona actualmente, mediante os correspondentes contratos administrativos de xestión, oito Escolas Infantís do primeiro nivel 0-3 anos (Costeira-Saiáns, Casiano Martínez-Bouzas, Tomás Alonso, Santa Marta-Casco Vello, Atalaia-Teis, Santa Cristina-Lavadores, Mestres Goldar-Castrelos e Navia), ao abeiro da posibilidade contemplada no seu día polo artigo 15 da Lei Orgánica de Educación-LOE.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión do 27 de febreiro de 2015 acordou aprobar as Normas para a adjudicación de prazas nas escolas infantís municipais (0-3 anos) para o curso 2015-2016 (Expte 16847/332). Este Servizo de Educación Municipal anualmente vén acolléndose ás distintas convocatorias de subvención da Xunta de Galicia que concretan a definición de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes das

corporacións locais. Unha das obrigas específicas que deben ter en conta estes equipamentos infantís é a obrigatoriedade tal como é o caso da Rede de EIM, de igualar a puntuación das solicitudes de novo ingreso ao baremo de criterios preferentes que propón a administración competente, ao abeiro da Orde anual pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. De conformidade con esto, o Servizo Municipal de Educación, está na obriga de publicar, con carácter anual, unha Norma que ordene e regule o proceso para a adxudicación de prazas e matriculación nas escolas infantís municipais.

Polo demais, as normas para o vindeiro curso non incorporan novidades significativas verbo das do curso 2015-2016, agás as resultantes da aplicación das novas Ordenanzas fiscais municipais, a adecuación ao baremo establecido polo Xunta de Galicia, confirmando a posibilidade de facer a solicitude "on line". En consecuencia e unha vez incorporado o proxecto de Normas para o curso 2016-2017 que se achega no expediente, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte os seguintes acordos:

1. Aprobar as Normas para a adxudicación de prazas e matrícula nas Escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2016/2017, conforme ao texto que se inclúe no expediente.
2. Facultar á concelleira de Educación para que realice a convocatoria de presentación de solicitudes para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2016-2017, de acordo co calendario previsto nas Normas citadas."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente

NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E MATRÍCULA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 0-3 (EIM) PARA O CURSO 2016-2017

PRIMEIRA.- Obxecto

Estas normas teñen por obxecto regular o procedemento de adxudicación de prazas e matrícula na **Rede de Escolas Infantís Municipais 0-3 (REIM)** dependente do Servizo de Educación do Concello de Vigo para o curso 2016/2017 e establecer a convocatoria e calendario de solicitude. Conforman a REIM as seguintes escolas infantís municipais: Costeira-Saiáns, Bouzas, Tomás Alonso, Santa Marta-Casco Vello, Atalaia-Teis, Santa Cristina-Lavadores, Mestres Goldar-Castrelos e Navia.

SEGUNDA.- Requisitos para ser adxudicatario

Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicatarios de prazas nas EIM:

1. Que o neno/a teña a súa residencia en Vigo e teña nacido antes do vencimento do prazo establecido no punto 8.A.2 destas Normas.
2. Idade do neno/a
 - Ter unha idade mínima de tres meses na data de ingreso
 - Non ter cumpridos 3 anos o 31 de decembro de 2016

Este prazo poderase ampliar un ano máis para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, logo da emisión do ditame do equipo de orientación específica da xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición das/dos nais/pais, ou titores/as legais a través da escola onde renoven a praza, quen proporcionará á familia a información e orientación necesarias sobre o procedemento a seguir nestes casos.

3. *Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.*
4. *No caso de integrarse nenas/os con necesidades específicas de apoio educativo, en ningún caso poderá haber máis dunha nena ou dun neno con estas necesidades por aula. Para efectos de ratio, estas prazas contabilizaranse como dúas.*

TERCEIRA.- Criterios de prioridade para a adxudicación de prazas

As prazas adxudicaránse por esta orde:

A) Reserva de praza

Teñen preferencia as reservas de praza de nenos/as matriculados/as no curso 2015/2016, sempre que reúnan os requisitos establecidos nestas Normas e soliciten a reserva na mesma quenda.

Poderá reservarse praza noutro centro, por cambio de domicilio, cando existan prazas suficientes logo de rematado o proceso de renovación de praza do alumnado da propia escola.

B) Novo ingreso

Poderase solicitar praza en calquera das EIM de Vigo. Os/As solicitantes deberán, se é o caso, marcar por orde de preferencia dúas opcións como máximo. No caso de marcar máis dunha escola, só poderá facerse na mesma quenda en todas elas.

As prazas adxudicaránse por esta orde:

1. *Os/as fillos/as do persoal que preste servizo na Escola Infantil Municipal na que solicitan praza e sexan nai, pai, titora ou titor legal.*
2. *Os/as irmáns/ás de alumno/a con praza (renovada ou de novo ingreso) na EIM para a que solicitan praza.*
3. *As prazas que queden vacantes adxudicaranse ós/ás solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura no Anexo I destas Normas. Esta puntuación determinará a orde de prelación na adxudicación das prazas para calquera das dúas opcións solicitadas, así como para a lista de espera resultante.*

C) Solicitudes fóra de prazo

Unha vez rematado o prazo de matrícula e asignadas as vacantes, o periodo de solicitude permanecerá aberto, de xeito extraordinario e con carácter xeral, a partir do mes de setembro e ata o mes de decembro (ampliable ata o mes de febreiro de 2017 só para os/as nenos/as nados no ano 2016), no caso de existiren prazas dispoñibles na aula e na escola onde se solicita a praza.

CUARTA.- Horario e calendario das EIM

1. Horario

As EIM, con carácter xeral, dispoñen dun horario continuo de 07.30 h a 20.00 h, dende o mes de setembro ata o mes de xullo, ambos inclusive.

Dentro deste horario de funcionamento, fíxase un horario de permanencia das cativas e cativos na escola:

- ◆ *Permanecerase na escola un mínimo de 4 horas e un máximo de 8 horas.*
- ◆ *En casos extraordinarios o horario ampliarase ou reducirase, trala valoración técnica das circunstancias das e dos menores.*

As/os usuarias/os dentro do horario de apertura do centro terán que optar polos seguintes quendas tendo en conta as horas máximas e mínimas permitidas:

| QUENDA | Mañá | Tarde | Contínuo (*) |
|---|------------------|------------------|---------------------|
| HORARIO | 07:30 a 15:45 h. | 16:00 a 20:00 h. | 09:00 a 17:00 h |
| (*) Só dispoñible para a EIM Costeira-Saiáns | | | 10:00 a 18:00 h |

Para posibilitar a boa marcha das escolas:

- ◆ A entrada pola mañá realizarase entre as 07:30 e as 09:00 horas.
- ◆ A saída do centro para a quenda de mañá será entre as 15:30 e as 15:45 horas.
- ◆ Na EIM Costeira-Saiáns a hora de entrada prolongarase ata as 10:00 horas.
- ◆ A entrada pola tarde será as 16:00 horas.
- ◆ A saída do centro para a quenda da tarde será entre as 19:45 e as 20:00 horas.
- ◆ A quenda de mañá inclúe o servizo de comedor e a quenda de tarde o servizo de merenda.

2. Calendario

Os centros permanecerán abertos de luns a venres, excluídos os días considerados festivos no calendario laboral e as festas laborais de carácter local, declarados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, así como o Día do Ensino previsto no calendario oficial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e os días 24 e 31 de decembro.

O curso escolar comezará o día 5 de setembro de 2016.

O alumnado poderá asistir ao centro un máximo de 11 meses dentro do período de setembro de 2016 a 31 de xullo de 2017.

2.1 Horarios especiais

Con motivo de desenvolver as sesións de traballo trimestrais do equipo educativo para a preparación da programación, as escolas infantís municipais pecharán as 19 h os días que propoña cada escola á aprobación do Consello Escolar.

Asimesmo o día 5 de xaneiro as escolas pecharán ás 16:00 h.

QUINTA.-Prestacións

A matriculación e tarifas inclúen en todos os casos os seguros obrigatorios, horario amplo, servizo de comedor e de orientación.

SEXTA.- Prezos

1. Os prezos que deberán pagar os/as usuarias/os son os establecidos na Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das Escolas de primeira etapa de Educación infantil (Artigo 3 da Ordenanza nº 23 ano 2016), coas exencións e bonificacións nela contidas. Para o curso 2016-2017 son as seguintes:

| Renda per cápita mensual | Matricula | Mensualidade |
|---------------------------------|------------------|---------------------|
| Ata 327,83 € | Exento/a | Exento/a |
| Ata 512,91 € familias numerosas | Exento/a | Exento/a |
| Entre 327,83 e 391,00€ | 49,6 | 49,6 |
| Entre 391,01 e 461,00€ | 74,4 | 74,4 |
| Entre 461,01 e 534,00€ | 99,2 | 99,2 |
| Maior de 534,01 € | 124 | 124 |

2. **Estarán exentos** das taxas reguladas en dita ordenanza, os nenos e nenas que pertencen a familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes.

No caso dun menor de 25 anos con un grao de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35 Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55. Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego máis de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

3. **Estarán exentos do pagamento das taxas reguladas** nesta ordenanza os nenos e nenas que pertencen a familias numerosas que contan con ingresos brutos anuais, per cápita inferiores a 6.155 €.
4. A inasistencia da/o usuaria/o durante un período determinado, mentres non se formalice a baixa correspondente, non supón redución ningunha nin exención do pagamento do prezo establecido coas seguintes excepcións:
- a) Cando a/o nena/o por motivos de saúde deixe de asistir ao centro temporalmente, neste caso, estarán exentos de aboar a cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de comezo do período de ausencia. Esta suspensión temporal durará ata o día primeiro do mes natural en que a/o usuaria/o se reincorpore ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%. Nestes casos a solicitude de exención do pagamento, durante o período que corresponda, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Servizo Municipal de Educación.
 - b) Nos supostos das solicitudes formuladas fóra de prazo previstos nesta Norma, o aboamento do prezo será desde o mes no que se lle concede a praza. Se a incorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%.
5. Ao longo do curso poderase proceder á revisión do prezo fixado inicialmente cando concorran e se xustifiquen algún dos seguintes casos:

- a) *A modificación nos ingresos dalgún membro da unidade familiar, modificación que teña, cando menos, unha duración de 4 meses para ser tidas en conta, xustificándose coa declaración do IRPF, certificado emitido pola Axencia Tributaria, nóminas ou certificado do INEM que acredite se é beneficiario/a de prestación de desemprego.*
 - b) *A variación no número de membros da unidade familiar.*
6. *Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado que só poida ser admitido polo Concello de Vigo en horario reducido e diferente do solicitado. Esta bonificación aplicarase durante o tempo no que persista esta situación excepcional.*
7. *As familias que non aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles, se é o caso, a cota máxima en concepto de matrícula.*

SÉTIMA.- Renda per cápita mensual

1. *Para os efectos desta Norma, entenderase por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.*
2. *Ten a consideración de ingresos totais a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas de cada un dos membros da unidade familiar.*

Para os efectos desta Norma tomarase para o cálculo da cota a declaración do IRPF correspondente ao ano 2014.

3. *Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e as/os fillas/os menores de dezoito anos ou fillas/os maiores de dezoito anos cun grao de discapacidade superior ao 33%.
Entenderase por familia monoparental cando formase parte dela unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra proxenitora non contribúa economicamente ao seu sostento.*
4. *No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per capita a que se refire o parágrafo anterior, incrementarase en 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.*

Cando as circunstancias concorrentes no momento da presentación da solicitude de praza non coincidan coa declaración do IRPF, teranse en conta estas últimas, tanto para o cálculo da renda per cápita como para a aplicación de baremo e dos distintos descontos. En todo caso, estas circunstancias deberán xustificarse documentalmete no momento de presentación da solicitude.

OITAVA.- Solicitudes e documentación

A) SOLICITUDES

As/os interesadas/os poderán solicitar unha praza a través dos modelos normalizados que serán facilitados no Servizo Municipal de Educación e nas Escolas Infantís Municipais de Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis, Santa Marta-Casco Vello, Costeira-

Saiáns, Tomás Alonso, Bouzas, Mestres Goldar-Castrelos e Navia. Poderán tamén descargarse da páxina web: www.escolasvigo.org/reim.

A solicitude de praza poderá realizarse tamén "on line", na páxina web www.escolasvigo.org/reim.

1.- **Solicitudes de renovación**

O alumnado que xa estivese matriculado nas escolas o curso anterior, cumpra os requisitos de idade especificados, e se atope ao día no pago das cotas, manterá o seu dereito á praza para o curso 2016-2017 na quenda no que estivera matriculado no curso 2015-2016.

O prazo de renovación e entrega de documentación establécese **do 7 de marzo ao 31 de marzo de 2016** e se realizará na propia escola infantil na que está matriculado.

2.- **Solicitudes de novo ingreso**

a) Solicitud presencial. As solicitudes conforme ao modelo normalizado, xunto coa documentación requirida presentaranse no Servizo Municipal de Educación ou en calquera das Escolas Infantís Municipais para as que se solicita praza.

b) Solicitud telemática. Unha vez realizada a solicitude "on line", seguindo as instrucións que se indican na web www.escolasvigo.org/reim, deberán entregar a documentación requirida xunto co xustificante que se obtén da web, e presentalo en calquera dos lugares indicados para a solicitude presencial.

Con carácter extraordinario, permitirase solicitar praza as familias que teñan previsto o nacemento do/a seu/súa fillo/a antes do 20 de maio de 2016, data tope de nacemento para a súa posible admisión, sempre que presenten a solicitude de praza dentro dos prazos previstos nesta Norma.

O prazo de presentación de solicitudes establécese **do 7 de marzo ao 31 de marzo de 2016**.

3.- **Listas provisionais**

Unha vez realizada a baremación farase pública a relación provisional de admisións e lista de espera, coa puntuación obtida.

Estas listas expóranse no taboleiro de anuncios das escolas infantís o **día 30 de maio de 2016** e na páxina web www.escolasvigo.org/reim.

4.- **Listas definitivas**

Unha vez comprobadas as posibles reclamacións, éstas consideraranse resoltas coa publicación das listas definitivas nos lugares indicados en 8.A.3. a partir do **día 23 de xuño de 2016**.

5.- **Formalización de matrícula**

a) *Renovación alumnado do curso 2015-2016:*

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o **27 de xuño ao 8 de xullo de 2016**. Para confirmar a praza deberán obrigatoriamente formalizar o pago da matrícula, no Departamento de Recadación do Concello de Vigo, no prazo que se indica, ou caso contrario perderá automaticamente o dereito á praza.

b) *Novo alumnado no curso 2016-2017:*

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o **27 de xuño ao 8 de xullo de 2016**.

Durante este prazo as familias de nenas/nenos admitidas/os formalizarán a reserva de praza na escola onde obtivesen a praza, presentando o impreso de aceptación de praza debidamente cuberto e, de selo caso, formalizando o pago da matrícula correspondente no Departamento de Recadación do Concello de Vigo, ou caso contrario perderá automaticamente o dereito á praza.

B) DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

1. **Alumnado procedente do curso 2015-2016:**

Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, **deberán presentar** xunto coa solicitude de renovación:

a) Fotocopia da última declaración da renda de todos/as os membros da unidade familiar. Para os membros da unidade familiar desempregados/as, certificado do INEM que acredite se é beneficiario/a ou non de prestación de desemprego e, neste último caso, vida laboral.

b) Calquera outra documentación que acredite cambios na situación familiar anterior

2. **Alumnado de novo ingreso:**

As solicitudes de novo ingreso terán que presentarse acompañadas da documentación seguinte:

a) Unha fotocopia simple do documento nacional de identidade ou doutro documento acreditativo da identidade das/dos nais/pais ou representantes legais, segundo proceda.

b) Unha fotocopia simple do libro de familia completo ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar. Deberá acompañar o orixinal á documentación que se achegue no momento da solicitude.

c) Xustificación de ingresos:

Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, **deberán presentar** fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar.

d) No caso de persoas desempregadas, deberán presentar certificación do INEM que acredite se é beneficiario/a ou non da prestación de desemprego e, neste último caso, vida laboral.

Naqueles casos nos que, por distintas razóns, non se poidan acreditar as rendas das/os nais/pais por falta de acreditación documental, **será preciso un informe dos Servizos sociais.**

e) **OUTROS DOCUMENTOS**, só para as familias que necesiten xustificar incidencias familiares, económicas e sociais **puntuables no baremo:**

- As responsabilidades familiares, no caso de que existan membros que, non formando parte da unidade familiar, estean a cargo dela, acreditaranse mediante informe dos Servizos sociais.
- O certificado do recoñecemento do grao de discapacidade da nai, pai, titora ou titor legal e/ou outros membros da unidade familiar.
- A xustificación de ocupación actualizada (últimas nóminas, certificación de empresa, vida laboral).
- A condición de **familia monoparental**, entendida como a formada pola nai ou pai solteira/o que non manteñan relación de convivencia ou situacións de separación, divorcio ou viuvez, acreditarase mediante:
 - fotocopia do libro de familia. Deberá acompañar o orixinal no momento da solicitude.

- sentenza de separación/divorcio
- convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais
- De carecer de acreditación documental dalgunha das incidencias alegadas neste epígrafe, poderase presentar informe dos Servizos sociais.

A falta de presentación dalgún destes documentos dentro do prazo de solicitude establecido suporá a **renuncia** implícita de ser valorado no epígrafe "situación socio-familiar" do baremo que se recolle no Anexo I.

NOVENA.- Tramitación

O Servizo de Educación do Concello de Vigo comprobará que as solicitudes reúnen os requisitos recollidos nesta Norma. De non ser así, requerirase a/o interesada/o para que, nun prazo de dez días, achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese así, se terá por desistido da súa petición.

O Servizo Municipal de Educación poderá reclamar en calquera momento todos aqueles datos, e a súa debida acreditación documental, que considere precisos para a máis eficaz realización do seu cometido.

DÉCIMA.- Avaliación das solicitudes

1. A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no ANEXO I desta Norma, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar. No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per capita máis baixa.
2. Aplicaráselles a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Con tal fin constituirase unha comisión de baremación e selección coa seguinte composición para cada Escola Infantil Municipal:
 - Presidencia: O técnico responsable de escolas municipais do servizo de Educación.
 - Vogais: o/a director/a do centro, o/a representante das/os nais/pais das/os nenas/os no Consello Escolar do Centro do que se estean a baremar as solicitudes, e un funcionario/a do servizo municipal de Educación, que actúa de secretario/a, nomeado pola concelleira de Educación.

Os acordos tomaranse por maioría simple, e resolverá, en caso de empate, a presidencia.

3. Unha vez baremadas as solicitudes, a comisión elevará a proposta de selección á concelleira de Educación que resolverá a lista provisoria de admitidos/as.

A relación provisoria de admitidas/os e lista de agarda, coa puntuación obtida, poderase consultar no Servizo Municipal de Educación, así como na páxina web www.escolasvigo.org/reim e nas respectivas Escolas Infantís Municipais.

UNDÉCIMA.- Reclamacións

As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo dos dez días naturais posteriores á data da exposición pública da relación provisoria.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

DUODÉCIMA.- Relación definitiva de adxudicatarias/os de praza

1. Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a relación provisoria, a concelleira de Educación aprobará a relación definitiva de admitidas/os e a lista de agarda coa puntuación obtida, así como a cota mensual que corresponda aboar en cada caso. Desta resolución dará conta á Xunta de Goberno Local seguinte.
Esta relación poderase consultar nos mesmos lugares que a relación provisoria.
2. As/os solicitantes admitidas/os disporán dende o 27 de xuño ao 8 de xullo de 2016, ambos os dous incluídos, para matricularse presentando no centro onde obtivesen praza

o recibo de pagamento da matrícula. Presentarán asemade nese momento certificado médico oficial.

3. A formalización da matrícula no prazo sinalado é imprescindible para confirmar a praza. Se non se realiza a matrícula da/o nena/o no prazo sinalado, considérase decaída/o na súa solicitude.
4. Con carácter xeral, o prazo máximo para resolver o procedemento previsto nesta convocatoria será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ao da aprobación destas Normas. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas

DÉCIMO TERCEIRA.- Lista de agarda

1. A lista de agarda estará constituída polas/os solicitantes que non obteñen praza en ningunha das escolas solicitadas, ordenadas/os segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.
2. As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso en calquera das Escolas Infantís, serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as/os solicitantes en lista de agarda.
3. As/os solicitantes que obteñan praza e renuncien a esta, quedarán excluídos tamén da outra opción solicitada
4. As familias en lista de agarda terán preferencia, no mes de setembro, para elixir praza na quenda de tarde, no prazo que estipule o Servizo de Educación.

DÉCIMO CUARTA.- Baixas

1. Causarase baixa nas escolas infantís por algunha das circunstancias seguintes:
 - a) Polo cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.
 - b) Pola solicitude das/os nais/pais ou representantes legais.
 - c) Polo non pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda, sen prexuízo da reclamación da débeda polo procedemento regulamentariamente establecido.
 - d) Pola comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.
 - e) Pola incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.
 - f) Pola falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.
 - g) Polo reiterado incumprimento da puntualidade na asistencia e/ou recollida do/da menor sen causa xustificada.
2. As baixas motivadas polo establecido nas líñas e), f) e g), resolveraaas a concelleira delegada da Área de Educación tralo informe da dirección do centro onde esté a/o nena/o matriculada/o e o informe técnico do Servizo de Educación municipal. Nos demais supostos aprobarase a baixa por resolución da concelleira delegada de Educación.
3. As baixas producidas ao longo do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos, cubriranse coas/os solicitantes que figuren en lista de agarda en cada grupo de idade, por rigorosa orde de puntuación.

DÉCIMO QUINTA.- Regulamento xeral

Estas normas serán de aplicación ao curso 2016-2017. No non recollido nas mesmas estarase ao disposto na lexislación xeral en materia de educación e ao Regulamento xeral da Rede de Escolas Infantís Municipais que, se é o caso, aprobe o Concello de Vigo.

A concelleira delegada da Área de Educación, en virtude das súas competencias, poderá dictar as resolucións e instrucións oportunas para o correcto desenvolvemento destas Normas.

ANEXO I

NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (EIM)
PARA O CURSO 2016/2017

BAREMO

| BAREMO DE APLICACIÓN | PUNTOS |
|---|--------|
| SITUACIÓN ECONÓMICA (RPC mensual da unidade familiar referida ao IPREM vixente) (O IPREM ANUAL PARA 2016 É DE 7.455,14,-€) | |
| <i>Inferior ao 30% do IPREM</i> | 4 |
| <i>Entre o 30% e o 50% do IPREM</i> | 3 |
| <i>Entre o 50% e o 75% do IPREM</i> | 2 |
| <i>Entre o 75% e o 100% do IPREM</i> | 1 |
| <i>Entre o 100% e o 125% do IPREM</i> | -1 |
| <i>Entre o 125% e o 150% do IPREM</i> | -2 |
| <i>Entre o 150% e o 200% do IPREM</i> | -3 |
| <i>Superior ao 200% do IPREM</i> | -4 |
| SITUACIÓN LABORAL (só se poderá obter puntuación por un dos epígrafes seguintes) | |
| <i>Situación laboral de ocupación:</i> <ul style="list-style-type: none"> • Nai • Pai <i>Nas familias monoparentais, esta puntuación asimíllase á formada por dous membros</i> | 6 6 |
| <i>Situación laboral de desemprego:</i> <ul style="list-style-type: none"> • Nai • Pai <i>Nas familias monoparentais, esta puntuación asimíllase á formada por dous membros</i> | 2 2 |
| <i>Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga)</i> <ul style="list-style-type: none"> • Nai • Pai <i>Nas familias monoparentais, esta puntuación asimíllase á formada por dous membros</i> | 3 3 |
| SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR | |
| <i>Por cada membro da unidade familiar</i> | 2 |
| <i>Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta</i> | 1 |
| <i>No caso de que a/o nena/o para a/o que se solicita praza nacesse nun parto múltiple</i> | 1 |
| <i>Por cada membro da unidade familiar, afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia</i> | 2 |
| <i>Por condición de familia monoparental</i> | 3 |
| <i>Por condición de familia numerosa</i> | 3 |
| <i>Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais</i> | 6 |

| | |
|---|-------|
| Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas: | Ata 3 |
| SITUACIÓN RESIDENCIAL | |
| Alumnos/as domiciliados na zona (Distrito postal) | 2 |

9(165).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR EN PERÍODO LECTIVO NUN HIGH SCHOOL “VIGO EN INGLÉS”. EXPTE. 16073/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 02/02/16 e o informe de fiscalización do 17/02/16, dáse conta do informe-proposta de data 02/02/16, do técnico medio de actividades culturais e educativas, conformado pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 08 de agosto de 2014, adoptou o acordo de adxudicar a “Newlink Education, S.L” (CIF B-22.210.843) o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “VIGO EN INGLÉS” (expte. 16073-332) por un prezo total de 1.359.810.-€ (IVE incluído), sendo o prezo unitario por alumno de 2.344,50 euros; de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de xuño de 2014 e a oferta presentada.

No prego de cláusulas administrativas se fixa unha duración do contrato de dous anos e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo (cláusula 7 en relación cos apartados 4.A) e 4.C) das FEC). Polo tanto, segundo contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, o prazo do contrato é de dous anos contados dende o 07 de outubro de 2014; estando prevista a posibilidade de dúas prórrogas, a primeira dun ano de duración e a segunda ata o 31 de decembro do ano 2017.

En data 25/01/2016 ten entrada no rexistro xeral do Concello co nº de doc. 160008115 escrito da empresa adxudicataria “Newlink Education, S.L”, poñendo de manifesto vontade e dispoñibilidade explícita para solicitar a 1ª prórroga do contrato obxecto do presente informe.

A Concelleira-Delegada de Educación, mediante dilixencia de data 01 de febreiro actual, considera a necesidade de solicitar do órgano de contratación a 1ª prórroga do presente contrato dende o 07 de outubro de 2016 ao 06 de outubro de 2017 de acordo cos pregos de condicións.

As prestacións por parte da empresa adxudicataria dos servizos correspondentes ás edicións do programa “Vigo en Inglés 2014” cuxa estadía efectiva de inmersión lingüística foi desenvolvida dende o 21/11/2014 ao 17/12/2014 e “Vigo en Inglés 2015” cuxa estadía efectiva de inmersión lingüística foi desenvolvida dende o 21/09/2015 ao 15/10/2015, foron realizadas a plena satisfacción deste Servizo de Educación; como se pode corroborar nas Memorias xustificativas e informes avaliativos desenvolvidos cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e que figuran arquivados nas dependencias deste servizo municipal de educación. Igualmente, cómpre ter en conta a necesidade de ter garantido por parte do adxudicatario o inicio con antelación suficiente das xestións e traballos previos con todos os provedores e axentes

inmplicados na edición de "Vigo en Inglés 2016", cuxas estadías están previstas desenvolver no período 2ª quincena de setembro - 1ª quincena de outubro 2016. Polo tanto, dende o Servizo Municipal de Educación, enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da 1ª prórroga dun ano de duración contemplada no correspondente PCAP.

Á vista das anteriores consideracións, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Autorizar a **1ª prórroga por un ano do contrato** para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School "VIGO EN INGLÉS" (expte. 16073-332) para o período comprendido entre o **07/10/16 e o 06/10/17**, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un gasto de **682.624,62.-€ importe actualizado en Xunta de Goberno Local de data 23 de decembro de 2015**, sen prexuízo da revisión de prezos que proceda, que se imputarán á partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo "Aulas Internacionais") e bolsa de vinculación do vixente orzamento.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(166).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA AS INSTALACIÓNS DOS COLEXIOS, ESCOLAS INFANTÍS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 17125/332.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 27/11/15 e do 19/01/16 e o informe de fiscalización do 12/02/16, dáse conta do informe-proposta do 04/02/16, do xefe da área de Servizos Xerais, conformado pola concelleira-delegada de Educación, polo concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

"Mediante Resolución de inicio de expediente de 30 de setembro de 2015, a concelleira de Educación insta ao Servizo de Educación para que inicie "a tramitación dun contrato maior de subministro de "gas natural" necesario para o funcionamento operativo dos citados centros educativos e dependencias municipais.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación do xefe da Área de Servizos Xerais de data 29/09/15.
- Resolución dos concelleiros de Educación e Xestión municipal de 30/09/15, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria xustificativa de data 30/09/15, redactada polo xefe da Área de Servizos Xerais.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 30/09/15, redactado polo xefe da Área de Servizos Xerais.
- Prego de prescricións técnicas definitivo, no que se inclúen os Anexos I e II de data 03/11/15.

- Memoria xustificativa de data 3/11/15, rectificando o prazo do contrato redactada polo xefe da Área de Servizos Xerais.
- Informe xefa do Servizo de Contratación de data 4/11/15.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 12/11/15, redactado pola xefa do Servizo de Contratación.
- Dilixencia da xefa do Servizo de Contratación de data 13/01/16.
- Orde de inicio do expediente no que se rectifica a sinatura do concelleiro de Xestión municipal pola do concelleiro de Fomento.
- Informe-Proposta do xefe da Área de Servizos Xerais de data 24/11/15, propoñendo ao concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación a autorización para a inclusión do subministro de gas natural para as instalacións das dependencias "Edificio Consistorial" e "Laboratorio Municipal".
- Informe da titular da Asesoría xurídica de data 27/11/15.
- Informe do xefe da Área de Servizos Xerais de data 16/11/15.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) definitivo de data 13/01/16, redactado pola xefa do Servizo de Contratación.
- Prego de prescricións técnicas definitivo, rectificando datos do Anexo I, de data 14/01/16.
- Memoria xustificativa redactada polo xefe da Área de Servizos Xerais, rectificando a distribución das anualidades de data 14/01/16.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) definitivo de data 25/01/16, redactado pola xefa do Servizo de Contratación.
- Dilixencia da xefa do Servizo de Contratación de data 25/01/16.
- Dilixencia do xefe da Área de Servizos Xerais de data 26/01/16.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: Subministro de "gas natural" necesario para o funcionamento das instalacións de calefacción e produción de auga quente dos colexios públicos e escolas infantís dependentes do Concello de Vigo, a Casa Consistorial e o Laboratorio municipal.

Duración: Dous anos, sen posibilidade de prórroga.

Prezo: Estímase un prezo do contrato de 198.347,10 euros

IVE a soportar pola administración: 34.710,75 euros

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, PROPONSE á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar o expediente de contratación para o subministro de gas natural para as instalacións dos colexios, escolas infantís e dependencias do Concello de Vigo.

2. Aprobar o Prego de Prescripci3ns T3cnicas (PPT), de data 14 de xaneiro de 2016, redactado polo xefe da 1rea de Servizos Xerais e o Prego de Cl1usulas Administrativas particulares por procedemento aberto (PCAP), de data 25 de xaneiro de 2016 redactado pola xefa do Servizo de Contrataci3n, que se incl1uen no presente expediente para a contrataci3n do subministro de gas para as instalaci3ns dos colexios, escolas infant3s e dependencias do Concello de Vigo.
3. Aprobar o gasto por importe de 200.000,00 euros, co seguinte desglose:

| | Aplicaci3n orzamentaria | 2016 | 2017 | 2018 | Total |
|-------------------------|-------------------------------------|-------------|--------------|-------------|--------------|
| 1rea de Educaci3n | 3230.2210200 e bolsa de vinculaci3n | 35.000,00 € | 70.000,00 € | 35.000,00 € | 140.000,00 € |
| 1rea de Servizos Xerais | 9200.2210300 | 15.000,00 € | 30.000,00 € | 15.000,00 € | 60.000,00 € |
| <i>Totais</i> | | 50.000,00 € | 100.000,00 € | 50.000,00 € | 200.000,00 € |

4. Acordar a apertura do procedemento de contrataci3n conforme ao previsto na lexislaci3n vixente”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(167).- DAR CONTA DE RENUNCIAS VOLUNTARIAS AO DESFRUTE DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” DE BENEFICIARIAS DE INGL3S E DE ITALIANO E PROPOSTA DE INCORPORACI3N DE NOVAS BENEFICIARIAS DAS LISTAS DE AGARDA. EXPTE. 17412/332.

Examinadas as actuaci3ns do expediente, d1ase conta do informe-proposta do 17/02/16, do t3cnico medio de Actividades Culturais e Educativas, conformado pola concelleira-delegada de Educaci3n e asinado polo secretario de Admon. Municipal en data 24/02/16, que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local, en sesi3n ordinaria do 29 de Xaneiro de 2016, adoptou, o seguinte acordo: “Adxudicaci3n e denegaci3n das Bolsas “Concello de Vigo” para estadi3s ling13sticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, ano 2016. (Expte 17412/332)”.

A base d3cimo primeira da devandita convocatoria no seu apartado de “aceptaci3n da axuda”, recolle que o alumnado beneficiario das bolsas deber1 presentar asinado no Servizo de Educaci3n do Concello de Vigo, unha aceptaci3n ou renuncia expresa da bolsa segundo modelo do Anexo III nun prazo de dez d3as, contados a partires do d3a seguinte ao da s1a notificaci3n 1s persoas beneficiarias ou da data da publicaci3n na p1xina web municipal da concesi3n das bolsas. Igualmente e coa finalidade de poder librar o primeiro 50% da bolsa no momento da concesi3n, os beneficiarios/as tam3n deber1n entregar un pre-contrato

asinado cunha empresa ou entidade que preste un servizo que expresamente cumpra na súa integridade co programa de estancias aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), e que obrigatoriamente deberá ter incluído un seguro de asistencia na viaxe e cancelación antes e durante a estancia.

Requerida a documentación citada na base décimo primeira, de todos e cada un dos 47 beneficiarios/as propostos das bolsas "Concello de Vigo", resulta que aceptan expresamente a bolsa 42 deles, coa presentación positiva do anexo III e o pre-contrato asinado coa empresa "Espazo Ensina". Igualmente a beneficiaria do idioma portugués, Marta Sacau Fontenla (expte. P-001) co DNI 36.132.355-E, presenta a través do rexistro xeral en data 10/02/16 e co nº de doc 160015150 anexo III coa aceptación expresa da bolsa e escritos cos números de doc 160015155 e 160015158 nos que pon de manifesto non precisar que lle sexa aboado ningún pago anticipado correspondente ao importe concedido de 1.580,00.-€, quedando pendente de abono nun pago único despois de ter realizado o programa mínimo e previa xustificación conforme á Cláusula Décimo Segunda da presente convocatoria municipal, cuxas bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 12 de Novembro de 2015.

A documentación citada anteriormente pasa a incorporarse aos respectivos expedientes de cada un dos beneficiarios, que figuran arquivados nas dependencias do Servizo de Educación, como órgano xestor da referida iniciativa municipal.

Concorre a circunstancia de que, tres das bolseiras beneficiarias que resultaron adxudicatarias en lingua inglesa, e unha bolseira directa de lingua italiana teñen presentado a renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa por razóns de índole persoal, incorporación laboral e problemas para obtención de visado, o cal ten producido as modificacións recollidas a continuación e que non implican alteración do compromiso económico adoitado polo órgano competente:

- As bolseiras directas de lingua inglesa, Raquel Sofía Martínez Meniño (expte. IN-011) co DNI 53.191.257-P e puntuación asignada de 9,00 puntos, Natacha Carolina Cáceres (expte. IN-001) co DNI X6084387J e puntuación asignada de 9,00 puntos, e Miriam Lorenzo Pérez (expte. IN-015) co DNI 36.170.013-Y e puntuación asignada de 8,00 puntos; teñen presentado a renuncia voluntaria ao desfrute das tres bolsas de inglés achegando a documentación acreditativa para elo, e en consecuencia estas tres renuncias voluntarias pasan a ser cubertas e ocupadas polo 1º, 2º e 3º integrante da lista de agarda de idioma Inglés (Londres), M^a del Carmen Domínguez Santorum (expte. IN-029) co DNI 35.440.062-Y cunha puntuación total asignada de 7,75 puntos, María José López-Gil Otero (expte. IN-018) co DNI 36.133.775Q cunha puntuación total asignada de 7,75 puntos e Juan Manuel Rodríguez Prieto (expte. IN-021) co DNI 36.090.085A cunha puntuación total asignada de 7,75 puntos.
- A bolseira directa de lingua italiana Eva Torres Martínez (expte. IT-010) co DNI 52.407.226-R e puntuación asignada de 10,75 puntos; ten presentado a renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa de italiano achegando a documentación acreditativa para elo, e en consecuencia esta renuncia voluntaria pasa a ser cuberta e ocupada polo 1º integrante da lista de agarda de idioma Italiano (Roma), Begoña Viana de la Iglesia (expte. IT-004) co DNI 36.043.905-F cunha puntuación total asignada de 10,50 puntos

Verificadas e acreditadas documentalmente as casuísticas particulares anteriormente expostas, resulta o seguinte:

AS TRES BOLSEIRAS PROPOSTAS PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES) QUE PRESENTAN A SÚA RENUNCIA, SON AS SEGUINTE:

| EXPTE | APELIDOS ALUMNO/A | NOME ALUMNO/A | NIF ALUMNO/A | PUNTOS |
|--------|-------------------|------------------|--------------|--------|
| IN-011 | Martínez Meniño | Raquel Sofía | 53,191,257-P | 9,00 |
| IN-001 | Cáceres | Natacha Carolina | X6084387J | 9,00 |
| IN-015 | Lorenzo Perez | Miriam | 36.170.013-Y | 8,00 |

A BOLSEIRA PROPOSTA PARA O IDIOMA DE ITALIANO (ROMA) QUE PRESENTA A SÚA RENUNCIA, É A SEGUINTE:

| EXPTE | APELIDOS ALUMNO/A | NOME ALUMNO/A | NIF ALUMNO/A | PUNTOS |
|--------|-------------------|---------------|--------------|--------|
| IT-010 | Torres Martínez | Eva | 52.407.226-R | 10,75 |

Continuando o proceso, e segundo recolle a base oitava "criterios de valoración" da convocatoria, que indica que para o caso de que unha vez adxudicadas as prazas, existan prazas vacantes por renuncia, éstas serán ofertadas ao alumnado en lista de agarda por chamamento directo, de conformidade coa orde establecida polo resultado da aplicación dos criterios de baremación; procede propor como bolseiros/as directos ao 1º, 2º e 3º integrantes da lista de agarda do idiomas de inglés e ao 1º integrante da lista de agarda do idioma de italiano, os cales achegan a documentación requerida para aceptación da praza que se incorpora aos seus expedientes.

OS TRES PRIMEIROS INTEGRANTES DA LISTA DE AGARDA BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES) QUE PASAN A TER A CONSIDERACIÓN DE BOLSEIROS DIRECTOS, SON OS SEGUINTE:

| EXPT E | APELIDOS ALUMNO/A | NOME ALUMNO/A | NIF ALUMNO/A | PUNTO S | Nº CONTA BANCARIA |
|--------|--------------------|---------------|--------------|---------|-------------------------------|
| IN-029 | Domínguez Santorum | Mª Carmen | 35.440.062-Y | 7,75 | ES45 0081 0508 1100 0112 0222 |
| IN-018 | López -Gil Otero | Maria Jose | 36.133.775-Q | 7,75 | ES25 0081 2176 01 0006234835 |
| IN-021 | Rodríguez Prieto | Juan Manuel | 36.090.085-A | 7,75 | ES90 2080 5136 9830 0009 4871 |

O PRIMEIRO INTEGRANTE DA LISTA DE AGARDA BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE ITALIANO (ROMA) QUE PASA A TER A CONSIDERACIÓN DE BOLSEIRO DIRECTO, É O SEGUINTE:

| EXPT E | APELIDOS ALUMNO/A | NOME ALUMNO/A | NIF ALUMNO/A | PUNTO S | Nº CONTA BANCARIA |
|--------|-------------------|---------------|--------------|---------|-------------------|
|--------|-------------------|---------------|--------------|---------|-------------------|

| | | | | | |
|--------|---------------------|--------|--------------|-------|-----------------------------|
| IT-004 | Viana de la Iglesia | Begoña | 36.043.905-F | 10,50 | ES37 0130 3050 190108019636 |
|--------|---------------------|--------|--------------|-------|-----------------------------|

A BOLSEIRA PROPOSTA PARA O IDIOMA DE PORTUGUES (LISBOA) QUE PRESENTA A SÚA RENUNCIA AO PAGO ANTICIPADO, É A SEGUINTE:

| EXPTE | APELIDOS ALUMNO/A | NOME ALUMNO/A | NIF ALUMNO/A | PUNTOS |
|-------|-------------------|---------------|--------------|--------|
| P-001 | Sacau Fontenla | Marta | 36.132.355-E | 11,00 |

Consonte ao anteriormente exposto, é obxecto do presente informe dar conta das modificacións que se teñen producido nos beneficiarios/as das bolsas "Concello de Vigo" para alumnado da EOIV ano 2016, as cales non implican modificación do compromiso económico adoitado polo órgano competente.

Por elo, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1. Dar conta das renuncias voluntarias ao desfrute das bolsas "Concello de Vigo", das beneficiarias de Inglés, Raquel Sofía Martínez Meniño co DNI 53.191.257-P, Natacha Carolina Cáceres co DNI X6084387J e Miriam Lorenzo Pérez co DNI 36170013-Y.
2. Dar conta da renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa "Concello de Vigo", da beneficiaria de italiano, Eva Torres Martínez co DNI 52.407.226-R .
3. Aprobar as incorporacións de M^a del Carmen Domínguez Santorum co DNI 35.440.062-Y como beneficiaria da bolsa de inglés, que acepta a praza como primeira integrante da lista de agarda de inglés, a incorporación de María José López-Gil Otero co DNI 36.133.775-Q como beneficiario da bolsa de inglés, que acepta a praza como segundo integrante da lista de agarda de inglés, e a incorporación de Juan Manuel Rodríguez Prieto co DNI 36.090.085-A como beneficiario da bolsa de inglés, que acepta a praza como terceiro integrante da lista de agarda de inglés
4. Aproba a incorporación de Begoña Viana de la Iglesia co DNI 36.043.905-F como beneficiario da bolsa de italiano, que acepta a praza como primeiro integrante da lista de agarda de italiano.
5. Dar conta da renuncia voluntaria ao abono de pago anticipado, da beneficiaria de portugues, Marta Sacau Fontenla co DNI 36.132.355-E."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda informada.

12(168).- PLAN DE OCUPACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2016. EXPTE. 11505/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23/02/16, do xefe do servizo de Medio Ambiente, conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

“I.- Antecedentes

1.- A concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 3 de decembro de 2015, iniciou expediente administrativo para a aprobación do plan de ocupación e explotación dos servizos de tempada nas praias do termo municipal de Vigo para a tempada estival do ano 2016.

2.- O Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente remitiu en data do 21 de xaneiro de 2016, documentación sobre os criterios a ter en conta na elaboración e explotación dos servizos de tempada (doc. 160006709).

3.- A pedimento e coas indicacións do Servizo de Medio Ambiente, os arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo elaboraron documentación técnica para estas instalacións:

- Condicións urbanísticas dos emprazamentos propostos.*
- Memoria descritiva das instalacións.*
- Certificación de distancias entre quioscos.*
- Fotografías emprazamentos.*
- Planos de emprazamento dos quioscos con zonificación PXOM.*
- Planos de emprazamento dos quioscos no que se representa a liña de deslinde do dominio público marítimo terrestre.*

4.- O Inspector municipal de Medio Ambiente emitiu informe sobre a retirada dos quioscos na tempada estival de 2015.

5.- O técnico municipal do servizo de Patrimonio: Inventario, en data 4 de febreiro de 2016, informou sobre a titularidade dos terreos onde se emprazan os quioscos.

II.- Fundamentos de dereito:

O artigo 115.c) da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas sinala entre as competencias municipais “explotar, no seu caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de réxime local”.

O artigo 113 do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral de costas, establece que:

- As autorizacións cuxo obxecto sexa a explotación de servizos de tempada nas praias que só requiran instalacións desmontables, serán outorgadas polos concellos que o soliciten, na forma que se determina nos apartados seguintes.

- Haberá que solicitalas dirixíndose ó servizo periférico de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no prazo establecido,

- Os servizos de tempada poderán contar cunha autorización por un prazo máximo de catro anos, se ben as instalacións deberán desmontarse, unha vez rematada cada unha das tempadas incluídas no prazo de duración da autorización.

- Outorgada a autorización polo Servizo Periférico de Costas, os Concellos, tralo abono do canon de ocupación correspondente, poderán proceder a súa explotación, por sí ou por terceiros.

O artigo 51 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas establece a necesidade de autorización administrativa para ocupar o dominio público marítimo terrestre con instalacións desmontables ou con bens mobles, que corresponde outorgar á administración do Estado.

O artigo 26 da citada Lei e 49.1. do regulamento que a desenvolve, establecen a obriga de obter autorización administrativas para as instalacións que se sitúen en zonas de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que corresponde outorgar á Comunidade Autónoma.

Tamén, o artigo 53.1., parágrafo segundo, da Lei 22/1988, de 28 de xullo, establece que “no caso de que os Concellos opten por explotar os servizos de tempada a través de terceiro, aqueles garantirán que nos correspondentes procedementos de outorgamento se respecten os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.”

O Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, regula no seu artigo 2º.2.i) o requisitos para autorizar as instalacións ao servizo das praias desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre, tendo emitido documento informativo sobre estas autorizacións.

Neste sentido, o Concello de Vigo ben aprobando anualmente o plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos nas praias do termo municipal de Vigo, que comprende aquelas instalacións desmontables situadas en terreos de dominio público marítimo terrestre e aquelas outras situadas en terreos municipais en zona de servidume de protección ou de tránsito deste dominio. O prazo destas ocupacións estímase como xeral do 1 de xuño ata o 30 de setembro de 2016.

As ditas instalacións de tempada: quioscos considéranse precisas nos areas polos servizos que prestan aos usuarios, no so polos subministracións de bocadillos, bebidas, xelados... senón tamén por dispor, encargarse da limpeza, de baños públicos e gratuítos para os usuarios como ben esixíndolles este Concello.

Elabórese unha proposta de ocupación de acordo coa seguinte distribución:

| DESCRICIÓN | EMPRAZAMENTO | ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS | OCUPACIÓN EN M2 |
|------------|------------------------------|---|-----------------|
| QUIOSCO 1 | Areal da Punta. A Guía | Propiedade municipal, Zona de servidume de tránsito | 20 |
| QUIOSCO 2 | Areal de Santa Baía, Alcabre | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 |
| QUIOSCO 3 | Areal do Tombo do Gato | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 |
| QUIOSCO 4 | Areal do Tombo do Gato | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 |

| DESCRIPCIÓN | EMPRAZAMENTO | ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS | OCUPACIÓN EN M2 |
|-------------|-------------------|---|-----------------|
| QUIOSCO 5 | Areal de Argazada | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 |
| QUIOSCO 6 | Areal de Samil | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 |
| QUIOSCO 7 | Areal de Samil | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 |
| QUIOSCO 8 | Areal de Samil | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 |
| QUIOSCO 9 | Areal do Vao | Dominio público marítimo terrestre | 20 |
| QUIOSCO 10 | Areal do Vao | Dominio público marítimo terrestre | 20 |
| QUIOSCO 11 | Areal da Etea | Dominio público marítimo terrestre | 20 |

Tódolos quioscos (11) aparecen sinalados nos Planos que se achegan no expediente.

A documentación e informes técnicos emitidos polos arquitectos municipais en xaneiro de 2016 e obrante no expediente, indican a súa conformidade co planeamento urbanísticos, adecuación á normativa de accesibilidade e a observancia, en tódolos casos, das prescricións de distancias e medidas, especificadas polo Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e o Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, en cumprimento da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

Os quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11 que se sitúan en dominio público marítimo terrestre ou na zona de servidume de tránsito cuxa autorización sectorial corresponde ó Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente cumpre tanto co esixido para ocupacións en tramos naturais de praias como para ocupacións en tramos urbanos, segundo o establecido no artigo 68 e 69 do Regulamento de costas aprobado por Rd 876/2014, de 10 de outubro. Neste sentido as ocupación non superan os 20 m² de superficie cerrada, sitúanse a unha distancia igual ou superior a 300 ml, a ocupación da praia e moi inferior ó 10% da superficie en preamar, e os usos están permitidos.

Os quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 que se sitúan na zona de servidume do dominio público marítimo terrestre cuxa autorización sectorial corresponde á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia (CMAOT) cumpre co esixidos especificamente para a instalacións desmontables de tempada do Real decreto 158/2005,

de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, superficie que non supera os 20 m2 de ocupación pechada, distancia superior a 100 ml nos quioscos de Samil, Argazada e Tombo do Gago e nos outros incluso superan os 300 ml.

A ocupación, instalación e explotación dos servizos tempada, quioscos, deste plan de praias, realizarase por terceiros particulares.

O Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2016, recolle os mesmos quioscos e en idéntica situación que os instalados no ano 2015.

A adxudicación das autorizacións a terceiros no ano 2015, fíxose mediante un procedemento aberto de licitación garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva segundo consta no expediente administrativo número 10618/306. No referido procedemento consta que:

- A Xunta de Goberno Local en sesión do 10 de xullo de 2015, acordou:

“Adxudicar o procedemento aberto para a instalación e explotación de servizos de temporada nas praias do concello de Vigo 2015(expediente 10618-306)ós seguintes licitadores:

- D. Senén Robles Pérez o lote 1 por un canon de 807,87 euros e o lote 11 por un canon de 1.607,87 euros.
- Administración de Playas, S.L., o lote 2 por un canon de 2.152,82 euros, o lote 6 por un canon de 21.328,75 euros e o lote 7 por un canon de 23.750 euros.
- Dña. Maria Francisco Touriño o lote 3 por un canon de 6.628 euros, o lote 5 por un canon de 21.028 euros e o lote 8 por un canon de 16.128 euros.
- D. Ricardo Santiago Daponte o lote 4 por un canon de 2016,16 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

- A Xunta de Goberno Local en sesión de data do 17 de xullo de 2015, acordou:

“Adxudicar os lotes 9 e 10 do procedemento aberto para a instalación e explotación de servizos de temporada nas praias do concello de Vigo 2015(expediente 10618-306) á Dña. Marta Lorenzo Barrera, cun canon de 2002 euros cada un.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

O prego de cláusulas particulares que rexeu a adxudicación da licitación, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 1 de xuño de 2015, establecía expresamente na cláusula segunda, apartado 4, que:

“4.- O concello, previo acordo expreso da Xunta de Goberno Local, poderá prorrogar as autorizacións para o período estival do ano 2016 (do 1 de xuño de 2016 ao 30 de setembro de 2016). Con carácter previsto a adopción deste acordo, recabaránse as autorizacións da Xefatura Provincial de Costas de Pontevedra (lotes 1, 9, 10 e 11) e da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio da Xunta de Galicia (lotes 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8)”.

Na cláusula terceira, apartado 5, o prego sinala que:

“No suposto de prórroga do contrato, o canon para a tempada do ano 2016 terá que abonarse antes do 31 de maio de 2016 e este corresponderá co canon ofertado para o ano 2015 (tempada completa).”

A Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de Xulio, de Costas (BOE do 30 de maio, entrada en vigor ó día seguinte), introduciu diversas modificación na citada lei de costas, en concreto, no referente ás praias e amplía o prazo máximo das autorizacións para instalacións desmontables, quioscos de tempada, que pasan de un a catro anos.

A Disposición final terceira da citada Lei 2/2013, de 29 de maio, establece que:

“No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta Lei, o Goberno aprobará a revisión do Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, e ditará as disposicións regulamentarias precisas para o desenvolvemento e execución desta Lei.”

O Regulamento xeral de costas foi aprobado por Rd 874/2014, de 10 de outubro. Non obstante, o Decreto autonómico 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que regula no seu artigo 2º.2.i) o requisitos para autorizar as instalacións ao servizo das praias desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre e documento informativo sobre estas autorizacións do ano 2011; non foi modificado polo que as autorizacións sectoriais dos quioscos na zona de servidume – a case totalidade – non foron modificadas, resultado para un só ano, no período 1 de xuño a 30 de setembro e para unha superficie máxima cerrada de 20 m2.

Polo exposto, na espera dunha harmonización normativa entre os quioscos instalados en terreos de dominio público marítimo terrestre e na zona de servidume e da delimitación dos tramos naturais ou urbanos das praias que corresponde á administración competente en materia de Ordenación do territorio (Xunta de Galicia: CMAOT) -artigo 67 e disposición transitoria vixésimo cuarta do Regulamento de costas, Rd. 876/2014-, considérase procedente que se prorroguen as autorizacións de terceiros para a ocupación, instalación e explotación de servizos nas praias do término municipal de Vigo para o período estival do ano 2016 (01 de xuño de 2016 ao 30 de setembro de 2016), tal e como permite o prego das autorizacións outorgadas, tendo en consideración, ademias, a inmediatez da licitación (ano 2015) que se respectaron os principios esixidos pola Lei: publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.

Non obstante, tal prórroga debe contar co consentimento expreso dos adxudicatarios toda vez que o prego de condicións non establecía que esta fora obrigatorio.

A vista do anteriormente exposto, ao abeiro das atribucións de competencias que establece o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local en relación coa Disposición adicional segunda, apartado 3, do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aproba-lo Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos de Tempada: Quioscos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2016, de acordo cos informes, planos e demais documentación obrante no expediente 11505/306, que se citan na parte positiva deste acordo e consistente en:

- Documentación técnica redactada polos arquitectos municipais, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, o 8 de xaneiro de 2016, sobre:

- Condicións urbanísticas dos emprazamentos propostos.*
- Memoria descritiva das instalacións.*
- Certificación de distancias entre quioscos.*
- Fotografías emprazamentos.*
- Planos de emprazamento dos quioscos con zonificación PXOM.*
- Planos de emprazamento dos quioscos no que se representa a liña de deslinde do dominio público marítimo terrestre.*

- Informe do Inspector municipal de Medio Ambiente de data 20 de novembro de 2015, sobre a retirada dos quioscos na tempada estival de 2015, sen deterioro dos bens de dominio público..

- Informe do técnico municipal do servizo de Patrimonio: Inventario de data 4 de febreiro de 2016, sobre a titularidade dos terreos onde se emprazan os quioscos.

SEGUNDO.- Remitir, a maior brevidade posible, este Plan de Ocupación e Explotación ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para a autorización da instalación dos quioscos de tempada que se emprazan en terreos de dominio público marítimo terrestre ou servidume de tránsito (Quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11) .

TERCEIRO.- Remitir, a maior brevidade posible, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) da Xunta de Galicia este plan de ocupación, instalación e explotación, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para que autorice a instalación dos

quioscos de temporada a instalar na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestres (Quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8).

CUARTO.- Requirir ós adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) nos areas do Concello de Vigo segundo acordos da Xunta de Goberno Local do 10 e 17 de xullo de 2015, que se citan na parte expositiva deste acordo, para que no PRAZO DE VINTE DÍAS HÁBILES a partir dende a notificación deste acordo, ACEPTEN ou NON a prórroga das ditas autorizacións para o período estival do ano 2016 (01 de xuño de 2016 ao 30 de setembro de 2016), nas condicións no seu día aprobadas e as que resulten das correspondentes autorizacións sectoriais.

A NON presentación de escrito aceptando expresamente a prórroga da autorización, entenderase que non acepta a citada prórroga.

QUINTO.- Unha vez obtidas as autorizacións sectoriais citadas, proceder á prórroga das autorizacións de ocupación, instalación e explotación a terceiros para a tempada estival 2016 para aqueles adxudicatarios que así o aceptaran; noutro caso, efectuar unha nova licitación respecto daqueles postos de quioscos que non aceptaran a prórroga, conforme ao procedemento legalmente previsto respectando os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(169).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE PRÉSTAMO DE PEZAS ARQUEOLÓXICAS DO MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN” PARA EXPOSICIÓN NO MUSEO CENTRO GAIÁS. EXPTE. 5529/337.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 18/02/16, da técnico medio de Xestión de Recursos e Programas de Museos, conformado polo xefe de Museos Municipais, polo xefe de Xestión e Promoción Cultural, polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Cultura que di o seguinte:

“Con data 29 de outubro de 2015 recíbese no Museo municipal “Quiñones de León” escrito da Fundación Cidade da Cultura de Galicia no que se informa da organización para o presente ano dunha exposición sobre a historia da indumentaria e do téxtil en Galicia, que ten previsto mostrarse no Museo Centro Gaiás entre o 11 de marzo ao 11 de setembro de 2016.

Esta exposición propón un percorrido cronolóxico pola historia do téxtil e da moda en Galicia desde a prehistoria ata o presente, apuntando o xeito de vestir dos galegos tanto no cotío como nas festas.

Achego ao escrito inclúese unha solicitude formulada por María Pereira Otero, Directora de Acción cultural da devandita Fundación, para o préstamo temporal de dúas pezas que forman parte da colección municipal de arqueoloxía do Museo "Quiñones de León" co obxectivo de seren expostas na devandita mostra, así como o relatorio de condicións técnicas para exposicións do Museo da Cidade da Cultura de Galicia e formulario de préstamo.

Aínda que o escrito incluía o préstamo dunha terceira peza, unha sandalia do período romano, clareouse coa organización que dita peza non estaba depositada neste museo.

Xa que logo, as pezas que finalmente solicita a Fundación en préstamo son as que seguen:

- Obxeto: Dedil
- nº inv. 3703-0
- Cronoloxía: Castrexo
- Material: Bronce
- Datación: S. II a.C.
- Valor seguro: 500 €

- Obxecto: restos óseos e osos cápridos
- nº inv.: 3938, 3940, 3978, 3981, 3982, 3983
- Cronoloxía: Prehistoria

- Material: Óso
- Datación: do S. II a.C. ao S. III d.C.
- Valor seguro: 180 €

Estudado o Facility Report que establece as condicións climáticas, de iluminación e seguridade da sala onde terá lugar a exposición para a que se se solicitan as pezas arqueolóxicas, enténdese que éstas contemplan todas as condicións que se consideran suficientes para proceder ao préstamo.

DISPOSICIÓNS LEGAIS.

Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
Regulamento de Bens das Entidades Locais.
RD 1372/1986, de 13 de xuño, de Regulamento de Bens das Entidades Locais.

O museo municipal "Quiñones de León" de Vigo foi declarado monumento histórico-artístico mediante decreto 474/1962, de 1 de marzo. Ademais, o Parque e o Pazo de Castrelos están declarados Bens de Interese Cultural (BIC) mediante Resolucións de 10 e 19 de abril de 1991 da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia.

Segundo establece o artigo 14.2 da Lei 8/1995 de 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia, o rexistro dos Bens de Interese Cultural de Galicia terá por obxecto a anotación e inscrición dos actos que afecten á súa identificación e localización... polo que procede solicitar autorización previa de saída das pezas arqueolóxicas á Xunta de Galicia.

Vistos os antecedentes e dado o interese cultural da exposición así como a oportunidade para a divulgación do patrimonio artístico da colección de arqueoloxía do Museo municipal “Quiñones de León”, a dirección deste museo propón á Xunta de Goberno Local:

1.- “Autorizar o préstamo temporal das seguintes pezas da colección de arqueoloxía do museo municipal “Quiñones de León”:

- *Obxeto: Dedil*
- *nº inv. 3703-0*
- *Cronoloxía: Castrexo*
- *Material: Bronce*
- *Datación: S. II a.C.*
- *Valor seguro: 500 €*

- *Obxecto: restos óseos e osos cápridos*
- *nº inv.: 3938, 3940, 3978, 3981, 3982, 3983*
- *Cronoloxía: Prehistoria*
- *Material: Óso*
- *Datación: do S. II a.C. ao S. III d.C.*
- *Valor seguro: 180 €*

á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia, organizadora da exposición sobre a historia da indumentaria e do téxtil en Galicia, que ten previsto mostrarse no Museo Centro Gaiás entre o 11 de marzo ao 11 de setembro de 2016, segundo as condicións xerais que se achegan ao expediente”.

2.- “En todo caso, o préstamo queda condicionado á resolución favorable da saída de obra por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(170).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA O PRÉSTAMO TEMPORAL DA OBRA “HABITACIÓN DO VELLO MARIÑO” DE URBANO LUGRÍS AO MUSEO NACIONAL REINA SOFÍA PARA EXPOSICIÓN. EXPTE. 5456/337.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 18/02/16, da técnico medio de Xestión de Recursos e Programas de Museos, conformado polo xefe de Museos Municipais, polo xefe de Xestión e Promoción Cultural, polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Cultura que di o seguinte:

“Con data de xullo de 2015 recíbese no Museo municipal “Quiñones de León” escrito do Director do Museo Nacional Reina Sofía, no que se informa da organización para o presente ano da exposición “Campo Cerrado. El arte español de la posguerra” que se celebrará nese centro de arte do 26 de abril ao 3 de outubro de 2016.

O proxecto propón revisar a arte española durante a complexa e polémica década de 1940, un período que ven de recibir escasa atención e sobre a que existe un valeiro crítico e historiográfico, a pesares da súa relevancia na conformación da sensibilidade moderna en España. A exposición parte do final da guerra civil e se achega aos inicios dos 50 cando pode vislumbrarse en moitos sentidos un cambio de ciclo. Para esta exposición o Centro REINA SOFÍA, solicita formalmente ao Museo municipal “Quiñones de León” o préstamo temporal da obra que segue:

- Título: *Habitación do vello mariño*
- Artista: *Urbano Lugrís*
- Nº Inv.: 195
- Técnica: *Óleo/táboa*
- Data: 1946
- Dimensións: *c/m 118,2 x 119 cm*
- Valor a efecto de seguro: 200.000 euros

Achego ao escrito inclúese o formulario de préstamo así como o relatorio de condicións técnicas para exposicións do Museo Nacional REINA SOFÍA.

Estudado o Facility Report que establece as condicións climáticas, de iluminación e seguridade da sala onde terá lugar a exposición para a que se solicita a obra, enténdese que éstas contemplan todas as condicións que se consideran suficientes para proceder ao préstamo.

DISPOSICIÓNS LEGAIS.

*Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
Regulamento de Bens das Entidades Locais.*

RD 1372/1986, de 13 de xuño, de Regulamento de Bens das Entidades Locais.

O museo municipal “Quiñones de León” de Vigo foi declarado monumento histórico-artístico mediante decreto 474/1962, de 1 de marzo. Ademais, o Parque e o Pazo de Castrelos están declarados Bens de Interese Cultural (BIC) mediante Resolucións de 10 e 19 de abril de 1991 da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia.

Segundo establece o artigo 14.2 da Lei 8/1995 de 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia, o rexistro dos Bens de Interese Cultural de Galicia terá por obxecto a anotación e inscrición dos actos que afecten á súa identificación e localización... polo que procede solicitar autorización previa de saída de obra á Xunta de Galicia.

Vistos os antecedentes e dado o interese cultural da exposición así como a oportunidade para a divulgación do patrimonio artístico da colección de arte do Museo municipal “Quiñones de León”, a dirección deste museo propón á Xunta de Goberno Local:

1.- “Autorizar o préstamo temporal da seguinte obra:

- Título: *Habitación do vello mariño*
- Artista: *Urbano Lugrís*
- Nº Inv.: 195

- Técnica: Óleo/táboa
- Data: 1946
- Dimensións: c/m 118,2 x 119 cm
- Valor a efecto de seguro: 200.000 euros

ao Museo nacional REINA SOFÍA, organizadora da exposición “Campo Cerrado. El arte español de la posguerra” que se celebrará nese centro de arte do 26 de abril ao 3 de outubro de 2016, segundo as condicións xerais que se achegan ao expediente”

2.- “En todo caso, o préstamo queda condicionado á aceptación, por parte do Museo nacional REINA SOFÍA, como promotor da exposición, das condicións xerais de préstamo que se achegan ao expediente, así como á resolución favorable da saída de obra por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(171).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE SEIS SUBALTERNOS/AS, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RD LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, DO T.R. EBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, (5 PARA CONSERXERÍA A 1 PARA A XMU). EXPTE. 27663/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22/02/16, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de RR HH e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“Antecedentes:

Con data 30 de decembro de 2015, a Xefa de Subalternos, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de catro subalternos/as por mor da situación existente no Servizo pola escaseza de efectivos existentes no mesmo para cubrir os servizos nos distintos edificios municipais (Casa do Concello, edificio do Reitorado, etc), debido o incremento de actividades experimentado nos mesmos, agravado polas baixas de enfermidade de longa duración coas que conta na actualidade e, as sete prazas vacantes por xubilación existentes no mesmo.

De igual xeito en data 23/10/2015, o Xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, conformado polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Area de Cultura, solicita, solicita a cobertura interina de dous postos de subalternos/as vacantes por xubilación dos seus titulares, agravado coa baixa por incapacidade temporal de dúas ordenanzas adscritas ao Servizo de Bibliotecas, o que da como resultado unha situación insostible na prestación das funcións propias da subescala, que garantan a correcta prestación do servizo.

Así mesmo, a Concelleira-delegada de Urbanismo, en escrito de data 28 de xaneiro de 2016, solicita a adscripción dun/dunha subalterno/a toda vez que atópanse de baixa médica

tanto un dos subalternos do propio Concello adscrito, como o Alguacil-notificador do propio Organismo Autónomo.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 16 de febreiro pasado, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino de seis subalternos/as por acumulación de tarefas, previstos no artigo 10.1.d), do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, Bibliotecas e da Xerencia de Urbanismo, nos termos da solicitude dos seus respectivos xefes de Servizo de datas 30/11/15, 23/10/15 e da Concelleira-delegada de Urbanismo de data 28/01/16.

En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de once prazas de Subalterno/a de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 11 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de febreiro de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/as 44 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (na actualidade no mesmo artigo do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Publico -EBEP-), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Segundo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como subalternos/as das aspirantes que figura nas posicións núms. 13-D^a. OLGA GONZÁLEZ ARIAS, DNI 34.262.937-K, 20- D^a. MARIA ENCARNACIÓN VICENTE PIÑEIRO, 76.779.668-X, 22-D^a. M^a DEL SOL CERNADAS ORGE, DNI 76.991.664-S, 26-D. IGNACIO DE LOYOLA CAMPOS POSADA, DNI 36.062.422-D, 33-D^a. RUTH PRIETO COLLAZO, DNI 36.158.401-D e, 37-D^a DIANA MARTÍNEZ ALONSO, DNI 36.124.527-Z, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron neste Servizo de Recursos Humanos todos e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Significar que os/as aspirantes que figuran nas posicións 1, 2, 4, 5, 7, 8, 9, 11, 12, 14, 15, 19, 35 e 36 atópanse na actualidade prestando servizos neste Concello con ocasión da aprobación pola Xunta de Goberno Local dos expedientes 26916/220, 25765/220, 27305/220, 27234/220, 27360/220, 27192/220 e 27364/220. Así mesmo, as aspirantes que figuran nos postos núms. 3, 10, 16, 17, 18, 21, 24, 25 e 30 ocupan as últimas posicións na lista ao ter renunciado voluntariamente nun anterior expediente e, as aspirantes núms. 6 e 29 da lista, atópase fora da mesma por ter renunciado en dúas ocasións a posibilidade de ser nomeadas.

O aspirante núm. 23-Fernández Gil, Andrés, 27-Díaz Alvarez, Pablo, 28-Rodríguez Prieto, Silvia, 31-Rial Rey, María, 32-Soto Hermida, José Miguel e 34-Romero Gil-Delgado, Patricia, foron nomeados/as interinamente por acumulación de tarefas durante o período comprendido entre o 02/03/15-01/09/15 e do 18/05/15-17/11/15 respectivamente, polo que

ata o vindeiro 02/03/16 e 18/05/16 non estarán en condicións de ser novamente nomeados/as.

En consecuencia, consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que corresponde o nomeamento das aspirantes núms. 13, 20, 22, 26, 33 e 37 propostos/as, tendo en conta que as mesmas levan mais de seis meses dende que remataron o seu último nomeamento interino por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido da lei do EBEP, como subalternos/as, exptes. 25952/220 e 25946/220, aprobados pola Xunta de Goberno Local nas súas sesións de datas 22/12/14 e 12/12/14, respectivamente, rematando os mesmos en data 28/06/2015 e 16/06/2015, polo que dende o 29/12/15 e 17/12/15, xa están en condicións de ser novamente nomeadas. Significar asimesmo que as aspirantes D^a. Olga González Arias e D^a. Diana Martínez Alonso que figuran nas posicións núms. 13 e 37 nunca estiveron nomeadas como Subalternas neste Concello.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, aprobou acordo relativo a modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, expte. 26797/220.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte 27642/220, modificou puntualmente os referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 do referido R.D. Lexislativo. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 155-ordenanza/porteiro/a), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa («B.O.E.» 17 setembro) que modificou o E.B.E.P, establecía na súa Disposición transitoria novena que “el personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas”. A referida norma foi derogada coa entrada en vigor do RD. Lexislativo 5/2015, do Texto Refundido da Lei do EBEP, que no seu artigo 10.6 establece que dito persoal interino poderá desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que os citados candidatos superaron os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en réxime laboral fixo de prazas de axudantes de oficios na última convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2016, dispón nos seus artigos 21.Dous e 20.Dous, respectivamente, que durante o ano 2016 e, 2016, non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, foron actualizadas as instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, e que foran aprobadas en data 20 de xuño de 2014 e e 29/08/14, contemplándose o seguinte:

“En cumprimento do establecido na LPGE 2016, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como **servizos e sectores prioritarios** no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá **en todo caso, como competencias propias**, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) *Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.*

b) *Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*

c) *Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

d) *Infraestructura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*

e) *Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*

f) *Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*

g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*

h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*

i) *Ferías, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*

j) *Protección da salubridade pública.*

k) *Cemiterios e actividades funerarias.*

l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*

m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

n) *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*

ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos **servizos obrigatorios** contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

- *En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*
- *Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*
- *Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*

- Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, únicamente poderán ser reforzados **aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal**, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).
- Intervención Xeral Municipal.
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes**
- Recursos Humanos.
- Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instrucións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno das dependencias municipais, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose como servizo público esencial, informándose en consecuencia favorablemente os devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada nos escritos de petición asinados pola Xefa de Conserxería, Xefe Servizo Cultura e Bibliotecas e, a Vicepresidenta da

Xerencia Municipal de Urbanismo de datas 30/11/15, 23/10/15 e 28/01/16, que obran no expediente.

O importe do custe dos referidos nomeamentos interinos por un período máximo de seis meses, de seis subalternos/as para o Servizo de Conserxería,, Bibliotecas e Xerencia Municipal de Urbanismo, supón un gasto de 62.872,92€ ao que haberá que engadirse a cantidade de 20.355,06 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas e, imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de seis funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Subalternos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades dos Servizos de Conserxería, Bibliotecas e Xerencia Municipal de Urbanismo, contidas nos escritos de 30/11/15, 23/10/15 e, 28 de xaneiro de 2016 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 62.872,92€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarias interinas por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a. OLGA GONZÁLEZ ARIAS, DNI 34.262.937-K, 20- D^a. MARIA ENCARNACIÓN VICENTE PIÑEIRO, 76.779.668-X, 22-D^a. M^a DEL SOL CERNADAS ORGE, DNI 76.991.664-S e, 26-D. IGNACIO DE LOYOLA CAMPOS POSADA, DNI 36.062.422-D, D^a. RUTH PRIETO COLLAZO, DNI 36.158.401-D e, D^a DIANA MARTÍNEZ ALONSO, DNI 36.124.527-Z, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Subalterno/a, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, ordenanza-porteiro/a, sendo adscritas ao Servizo de Conserxería (cód. 201) e Cultura (Cód. 330), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do R.D. Lexislativo 5/2015, do Texto Refundido da Lei do EBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías

profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Cuarto.- A xornada laboral dos/das traballadores/as nomeados/as desenvolverase de luns a sábado, en horario de mañá e tarde, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(172).- RECTIFICACIÓN DE ERROS EN EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO NÚM.27543/220 DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN (DECEMBRO 2015) EXPTE.27707/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22/02/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa de RR HH e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

"A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 29/01/2016, acordou recoñecer e aboar ao persoal do servizo de Desinfección, un complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de decembro-2015, por un importe total de 469,55 €.

En dito acordo, no cadro onde se relaciona o persoal que debe percibir dito complemento, por un erro mecanográfico no se incluiu ao funcionario don Armando Fernández Álvarez, aínda que si figura a cantidade a aboar, o que non implica variación algunha en relación coa cantidade total a aboar e que foi aprobada pola Xunta de Goberno.

De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro mecanográfico detectado na proposta do informe-proposta do servizo de Recursos Humanos, de data de 18/01/2016, e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/01/2016 (Expte. 27543/220- Complemento de Productividade por toxicidade do persoal do servizo de Desinfección correspondente ao mes de decembro-2015), e que deberá figurar segundo se especifica:

| N.P. | Apelidos e Nome | Importe |
|-------|-----------------------------|----------|
| 16350 | Seijas Álvarez, José Ramón | 122,21 € |
| 09722 | Pardellas Avion, A. Avelino | 51,46 € |
| 22790 | Sousa Atrio, José Manuel | 115,78 € |

| | | |
|--------------------|----------------------------|----------|
| 81369 | Seijas Fernández, Alberto | 96,48 € |
| 82221 | Fernández Álvarez, Armando | 83,62 € |
| IMPORTE TOTAL..... | | 469'55 € |

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(173).- RECTIFICACIÓN DE ERROS EN EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO NÚM.27588/220 DE GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL QUE TRABALLOU O 24, 25 E 31 DE DECEMBRO DE 2015 E 1 DE XANEIRO DE 2016. EXPTE. 27705/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22/02/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa de RR HH e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 12/02/2016, acordou recoñecer e aboar ao persoal de varios servizos as cantidades que figuran para cada un deles por un total de 34.396,55 €, de gratificación por servizos especiais e extraordinarios do persoal municipal que traballou o 24, 25 e 31 de decembro de 2015 e o 1 de xaneiro de 2016.

En dito acordo, na relación dos servizos que se relacionan para o abono das cantidades a percibir, por un erro mecanográfico figura o servizo de Extinción de Incendios con unha cantidade total de 11.204,94 €, cando debería figurar a cantidade de 11.465,52 €.

De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro mecanográfico detectado na proposta do informe-proposta do servizo de Recursos Humanos, de data de 01/02/2016, e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 12/02/2016 (Expte. 27588/220- Gratificación por servizos especiais e extraordinarios do persoal municipal que traballou o 24 e 31 de decembro de 2015 e 1 de xaneiro de 2016), e que deberá figurar segundo se especifica:

| SERVIZO | RELACIÓNS | IMPORTE |
|------------|---|------------|
| CEMITERIOS | De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro | 2.214,93 € |

| | | |
|---------------------|--|-------------|
| EXTINCIÓN INCENDIOS | De Alonso Abalde, Manuel a Villar Gutierrez, Alberto | 11.465,52 € |
| POLICIA LOCAL | De Alonso Couñago, César a Vivero Mijares, Juan G. | 15.944,24 € |
| PARQUE CENTRAL | De Rodríguez Leirós, Alfonso a Comesña Fernández, Luis | 521,16 € |
| TOTAL | | 30.145,85 € |

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(174).- MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS PARA A AUTORIZACIÓN DA PRÓRROGA DA SITUACIÓN DE SERVIZO ACTIVO DOS EMPREGADOS PÚBLICOS AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 27401/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22/02/16, da xefa de RR HH, conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- En data 09/12/2015 a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal ordenou a incoación de expediente administrativo para o sometemento a aprobación do órgano municipal competente dunha proposta de criterios para a autorización da prórroga da situación do servizo activo dos empregados/as públicos ao servizo do Concello de Vigo.

2.- Elaborado borrador de documento pola xefatura de Recursos Humanos, e sometido o documento a negociación colectiva coa representación sindical dos empregados/as públicos ao servizo do Concello de Vigo en data 17/12/2015, procedeuse a elaborar proposta de aprobación ao órgano municipal competente, unha vez recabadas, a xaneiro do 2016, as suxerencias dos distintos sindicatos.

2.- Tramitado o correspondente expediente administrativo, en sesión de data 15/01/2016 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a proposta contida en expediente administrativo nº 27.401/220.

3.- En sesión de data 12/02/2016, no marco da Mesa Xeral de Negociación, acordouse, a instancia da Concellería-delegada de Xestión Municipal, propoñer unha modificación dos criterios, no senso seguinte:

“Punto V:

a) Prórroga automática, a solicitude do interesado/a, en caso de necesidade de cotización adicional para acadar a pensión completa:

Nos supostos nos que, por insuficiencia de tempo cotizado, resulte imprescindible continuar no servizo activo, a fin de efectuar unha cotización adicional que permita acadar a pensión completa á cal tería dereito o empregado/a público municipal consonte á lexislación de Seguridade Social, poderá autorizarse potestativamente

por resolución do órgano municipal competente a prórroga da situación de servizo activo, polo tempo imprescindible para acadar a dita cotización adicional, previa a emisión de informe da Área ou servizo de destino do efectivo e de audiencia/informe do Comité de Persoal."

4.-Trasladada a proposta ao Comité e aos sindicatos, consta a conformidade trasladada por medios electrónicos ao Servizo de Recursos Humanos, non sen solicitar que nos supostos de existencia de contradicción entre o informe da Área e o informe do Comité, se debata o asunto coa representación sindical dos empregados/as públicos, en relación ao cal non se observa impedimento legal ao efecto.

En consecuencia, procede a modificación puntual do acordo indicado.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do EBEP, contempla que

"1. La jubilación de los funcionarios podrá ser:

- **a) Voluntaria, a solicitud del funcionario.**
- **b) Forzosa, al cumplir la edad legalmente establecida.**
- **c) Por la declaración de incapacidad permanente para el ejercicio de las funciones propias de su cuerpo o escala, o por el reconocimiento de una pensión de incapacidad permanente absoluta o, incapacidad permanente total en relación con el ejercicio de las funciones de su cuerpo o escala.**

2. Procederá la jubilación voluntaria, a solicitud del interesado, siempre que el funcionario reúna los requisitos y condiciones establecidos en el Régimen de Seguridad Social que le sea aplicable.

3. La jubilación forzosa se declarará de oficio al cumplir el funcionario los sesenta y cinco años de edad.

No obstante, en los términos de las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto, se podrá solicitar la prolongación de la permanencia en el servicio activo como máximo hasta que se cumpla setenta años de edad. La Administración Pública competente deberá de resolver de forma motivada la aceptación o denegación de la prolongación.

De lo dispuesto en los dos párrafos anteriores quedarán excluidos los funcionarios que tengan normas estatales específicas de jubilación."

II.- Debe considerarse, complementariamente, o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, nos aspectos en que incida ou abunde ao contemplado na lexislación estatal básica (fundamentalmente, artigo 68); norma que contempla que:

"1. La jubilación del personal funcionario puede ser:

- **a) Voluntaria.**
- **b) Forzosa, por el cumplimiento de la edad legalmente establecida.**
- **c) Por la declaración de incapacidad permanente para el ejercicio de las funciones propias de su cuerpo o escala, o por el reconocimiento de una pensión de incapacidad permanente absoluta o de incapacidad permanente total en relación con el ejercicio de las funciones de su cuerpo o escala.**

2. La jubilación voluntaria se concederá a solicitud de la persona interesada, siempre que reúna los requisitos y condiciones establecidos en el régimen de la Seguridad Social que le sea aplicable.

3. La jubilación forzosa del personal funcionario se declarará de oficio al cumplir la persona la edad legalmente establecida.

4. Pese a lo previsto en el apartado anterior, el personal funcionario puede solicitar, con una antelación mínima de tres meses y máxima de cuatro meses a la fecha en la que cumpla la edad de jubilación forzosa, la prolongación de la permanencia en la situación de servicio activo. Esta prolongación se concederá, en su caso, por períodos de un año, renovables anualmente a solicitud de la persona interesada presentada con un plazo de antelación mínimo de tres meses y máximo de cuatro meses a la fecha de finalización de la prolongación concedida, hasta el cumplimiento de la edad máxima legalmente establecida.

Las solicitudes de prolongación de la permanencia en la situación de servicio activo y de sus prórrogas se resolverán de forma motivada, previo informe del órgano competente en materia de personal de la Administración pública en la que el solicitante preste servicios, con base en los siguientes criterios:

- a) Razones organizativas o funcionales.
- b) Resultados de la evaluación del desempeño de la persona solicitante o, en su defecto, rendimiento o resultados obtenidos por la misma. En particular, se tendrá en cuenta el absentismo observado durante el año inmediatamente anterior a la fecha de la solicitud.
- c) Capacidad psicofísica de la persona solicitante en relación con el puesto de trabajo, apreciada mediante certificado de aptitud médico-laboral para el puesto de trabajo, emitido por el correspondiente servicio de prevención de riesgos laborales, previo reconocimiento médico del solicitante y evaluación del puesto de trabajo.

El informe del órgano competente en materia de personal de la Administración pública en la que el solicitante preste servicios se emitirá en un plazo máximo de diez días. Transcurrido dicho plazo sin que se haya emitido el informe, proseguirá el procedimiento. En todo caso, se tendrá en cuenta el plan de ordenación de recursos humanos respecto de aquel personal para el cual su normativa específica así lo establezca.

La persona titular de la consejería competente en materia de función pública así como las personas titulares de los órganos competentes de las demás administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden dictar normas complementarias de procedimiento para la tramitación de las solicitudes de prolongación de la permanencia en la situación de servicio activo y de sus prórrogas.

Este apartado no es de aplicación al personal funcionario de aquellos cuerpos y escalas que tengan normas específicas de jubilación de acuerdo con lo dispuesto en la legislación básica estatal.

III.- Dada a necesidade de definición duns criterios obxectivos que sexan de público coñecemento do persoal municipal, a fin de garantir o dereito á igualdade de trato en idéntica situación contido no artigo 14 da vixente Constitución de 1978, permitindo dotar de seguridade xurídica á xestión das incidencias de prórroga da permanencia da situación de servizo activo; considerando a suspensión das previsións do contemplado en pactos, acordos e convenios operada por imperativo legal do RD-Lei 20/2012, do 13 de xullo; vistas as consideracións expostas, e considerando as competencias que en materia de planificación e xestión de recursos humanos ostenta a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal (delegacións efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 19/06/2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de mesma data); así como as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en materia de persoal, contidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Modificar os “criterios para a autorización da prórroga da situación do servizo activo dos empregados/as públicos ao servizo do Concello de Vigo”, aprobados en data 15/01/2016 (expediente administrativo nº 27.401/220) de conformidade co informe-proposta que antecede, segundo o acordo adoptado en sesión de data 12/02/2016 pola Mesa Xeral de negociación, e segundo a redacción consensuada cos mesmos, que é a que seguidamente se indica, en canto ao punto V

“Punto V:

a) *Prórroga automática, a solicitude do interesado/a, en caso de necesidade de cotización adicional para acadar a pensión completa:*

Nos supostos nos que, por insuficiencia de tempo cotizado, resulte imprescindible continuar no servizo activo, a fin de efectuar unha cotización adicional que permita acadar a pensión completa á cal tería dereito o empregado/a público municipal consonte á lexislación de Seguridade Social, poderá autorizarse potestativamente por resolución do órgano municipal competente a prórroga da situación de servizo activo, polo tempo imprescindible para acadar a dita cotización adicional, previa a emisión de informe da Área ou servizo de destino do efectivo e de audiencia/informe do Comité de Persoal.

En caso de discrepancia entre o informe da Área e o informe do Comité, será debatido na mesa xeral de negociación.”

O texto definitivo dos criterios, efectuada a modificación puntual, é o contido Anexo único ao presente acord, formando parte inseparable do mesmo.

SEGUNDO.- *Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade e Xefaturas do Contencioso e de Recursos e Asesoramento); Xefatura do Gabinete da Alcaldía e Comité de Persoal para traslado aos sindicatos correspondentes, dispoñendo a súa inserción no Portal de Transparencia e na Intranet Municipal.”*

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO ÚNICO

CRITERIOS PARA A AUTORIZACIÓN DA PRÓRROGA DA SITUACIÓN DE SERVIZO ACTIVO DOS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO

I.- XUBILACIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL.

A xubilación do persoal produce a extinción da relación de servizo e se contempla nas seguintes categorías:

- a) Voluntaria.
- b) Forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida.
- c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou de incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala.

II.- XUBILACIÓN VOLUNTARIA.

A xubilación voluntaria concederase a solicitude da persoa interesada, sempre que reúna os requisitos e condicións establecidos no réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable.

III.- XUBILACIÓN FORZOSA.

A xubilación forzosa do persoal declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida, que será a que a tal efecto estableza a lexislación específica en materia de Seguridade Social, ou ben a lexislación vixente en materia de emprego público local, no seu caso.

IV.- XUBILACIÓN POR DECLARACIÓN DE INCAPACIDADE PERMANENTE

A xubilacións do persoal declararase en atención á declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou de incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala.

V.- PRÓRROGA DA SITUACIÓN DE SERVIZO ACTIVO: SUPOSTOS

No ámbito do Concello de Vigo, existirán dous supostos de prórroga da situación de servizo activo:

a) Prórroga automática, a solicitude do interesado/a, en caso de necesidade de cotización adicional para acadar a pensión completa:

Nos supostos nos que, por insuficiencia de tempo cotizado, resulte imprescindible continuar no servizo activo, a fin de efectuar unha cotización adicional que permita acadar a pensión completa á cal tería dereito o empregado/a público municipal consonte á lexislación de Seguridade Social, poderá autorizarse potestativamente por resolución do órgano municipal competente a prórroga da situación de servizo activo, polo tempo imprescindible para acadar a dita cotización adicional, previa a emisión de informe da Área ou servizo de destino do efectivo e de audiencia/informe do Comité de Persoal.

En caso de discrepancia entre o informe da Área e o informe do Comité, será debatido na mesa xeral de negociación.”

A tal efecto, o persoal poderá solicitar, cunha antelación mínima de 3 meses e máxima de 4 meses á data na que cumpla a idade de xubilación forzosa, a prolongación da permanencia na situación de servizo activo por falta de cotización adicional para acadar a pensión completa sen merma de dereitos.

Esta prolongación concederase, no seu caso, polo período imprescindible para acadar a pensión completa á cal tería dereito o empregado/a público municipal consonte á lexislación de Seguridade Social. No caso de que dito período exceda de 1 ano, autorizarase por períodos de 1 ano, renovables anualmente a solicitude da persoa interesada, presentada cun prazo de antelación mínimo de 3 meses e máximo de 4 meses á data na cal podería ter acceso á pensión completa indicada.

No presente caso, será requisito imprescindible a aportación de certificación acreditativa, expedida pola Administración da Seguridade Social, das incidencias relativas á vida laboral e ás condicións do dereito á pensión do empregado/a solicitante, carecendo de validez a tal efecto os documentos de carácter orientativo, informativo e/ou non vinculante expedidos ao efecto.

A documentación presentada será comprobada por Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social) a efectos de garantir a regularidade e axuste legal da prórroga que se autorice.

b) *Prórroga potestativa da situación de servizo activo, a solicitude do interesado/a:*

O persoal municipal poderá solicitar, cunha antelación mínima de 3 meses e máxima de 4 meses á data na que cumpla a idade de xubilación forzosa, a prórroga da permanencia na situación de servizo activo, que se concederá, no seu caso, por períodos de 1 ano, renovables anualmente a solicitude da persoa interesada presentada cun prazo de antelación mínimo de 3 meses e máximo de 4 meses á data de finalización da prórroga concedida, ata o cumprimento da idade máxima legalmente establecida.

As solicitudes de prórroga potestativa da situación de servizo activo e das súas renovacións anuais se resolverán de forma motivada, previo informe favorable de Recursos Humanos, con base nos seguintes criterios:

a) *Razóns organizativas ou funcionais, debidamente acreditadas en informe detallado emitido pola xefatura da área/servizo/unidade de destino do efectivo. No caso dos órganos directivos e das xefaturas de área, dito informe será emitido polo concelleiro/a-delegado/a da área de goberno correspondente. No suposto dos servizos/unidades non integrados organizativa nin funcionalmente en ningunha área, será designado polo concelleiro/a que ostente as competencias en materia de persoal un funcionario/a titular de xefatura de área como responsable da emisión do informe indicado.*

b) *Resultados da avaliación do desempeño da persoa solicitante, cando se produza a entrada en vigor das previsións da Lei 2/2015, do 29 de abril, ou, no seu defecto, rendemento ou resultados obtidos pola mesma. En particular, terase en conta o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude, xunto cos parámetros obxectivos seguintes:*

- efectiva participación na actividade administrativa da área/servizo/unidade de destino, contrastable a través do sistema informático de xestión de expedientes ou sistemas informáticos específicos que se utilicen ao efecto; ou ben efectiva constancia da atención presencial ao público, no caso do persoal que desenvolve traballos en oficinas e ventanillas de atención ao público, segundo certificación da xefatura da área/servizo/unidade.*
- efectiva presenza nos cadrantes do servizo, sistemas internos de turnos ou documentos equivalentes, segundo certificación da xefatura da área/servizo/unidade, nos supostos de persoal pertencente á Policía Local, Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento e demais servizos que polas peculiaridades propias dos mesmos dispoñan de tales instrumentos de ordenación interna de quendas e xornadas especiais.*

c) *Capacidade psicofísica da persoa solicitante en relación co posto de traballo, apreciada mediante certificado de aptitude médico-laboral para o posto de traballo, emitido polos servizos de vixilancia da saúde, previo recoñecemento médico do solicitante e avaliación do posto de traballo.*

VI.- OUTROS ASPECTOS PROCEDIMENTAIS.

O informe que se asine pola xefatura de área/servizo/unidade de destino donde a persoa solicitante preste servizos emitirase nun prazo máximo de 10 días.

Transcorrido dito prazo sin que se emitise o informe, proseguirase o procedemento.

En todo caso, terase en conta a ordenación de recursos humanos que exista no Concello de Vigo respecto daquel persoal para o cal a súa normativa específica así o establezca.

Asemade, terase en conta a opinión da representación sindical dos empregados/as públicos municipais nos supostos dubidosos e/ou necesitados de interpretación, que poderá efectuarse ben mediante a solicitude de informe ao Comité de Persoal, ou ben mediante tratamento na

*Mesa Xeral de Negociación, no suposto en que afecte a unha pluralidade de empregados/as ou ben cando sexa necesaria a interpretación dos criterios existentes.
Os supostos indicados non serán de aplicación ao persoal funcionario daqueles corpos e escalas que teñan normas específicas de xubilación, consonte ao disposto na lexislación básica estatal.”*

19(175).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE INSPECTOR/A DE MEDIO AMBIENTE (OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2010-2011). EXPTE. 27697/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/02/16, dáse conta do informe-proposta do 18/02/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de RR HH e polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

“O tribunal cualificador encargado de xulgar as probas selectivas para provistar en propiedade tres prazas de inspector/a de Medio Ambiente, pola quenda de promoción interna, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, na súa sesión de 11 de febreiro de 2016, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento dos aspirantes seleccionados, que superaron todas as probas do proceso selectivo e obtiveron a puntuación total que se especifica:

- D. GABRIEL MARTÍNEZ GIRÁLDEZ, con DNI nº 34.872.355-P, que obtivo 23,815 puntos.*
- D. JOSÉ ANTONIO ESPAÑA PIÑEIRO, con DNI nº 36.037.970-Y, que obtivo 28,815 puntos.*
- D. JOSÉ ANTONIO COMESAÑA SOLLA, con DNI nº 36.040.596-X, que obtivo 19,280 puntos.*

Os aspirantes propostos presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

En execución do anterior e, de conformidade co previsto no artº 127.1 g) e h), da Lei 7/1985, reguladora de Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, o funcionario que subscribe, coa conformidade da xefa da servizo de Recursos Humanos, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

“Primeiro.- Nomear funcionarios de carreira, con cargo a prazas vacantes de inspector/a de Medio Ambiente, aos seguintes aspirantes propostos polo tribunal cualificador, que superaron todos os exercicios da oposición e obtiveron a máxima puntuación segundo proposta do órgano de selección contida na acta de 26 de xuño de 2013:

- D. GABRIEL MARTÍNEZ GIRÁLDEZ, con DNI nº 34.872.355-P, que obtivo 23,815 puntos.*
- D. JOSÉ ANTONIO ESPAÑA PIÑEIRO, con DNI nº 36.037.970-Y, que obtivo 28,815 puntos.*
- D. JOSÉ ANTONIO COMESAÑA SOLLA, con DNI nº 36.040.596-X, que obtivo 19,280 puntos.*

O presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionarios de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- O presente acordo notifíquese aos interesados, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación), negociado de seguridade social e inspector auxiliar de persoal), Comité de Persoal e, xefatura do servizo de Medio Ambiente.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(176).- ABOAMENTO DO COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DE D. MIGUEL HERNÁNDEZ BERNÁRDEZ. EXPTE. 27557/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17/02/16, dáse conta do informe-proposta do 22/02/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa de RR HH e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

"Con data de entrada no Rexistro Xeral 15/12/2015, a Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social de Pontevedra remite escrito no que se require a este Concello o aboamento inmediato das cantidades correspondentes por toxicidade a D Miguel Hernandez Bernardez, traballador beneficiario do programa de emprego municipal "Vigo Emprega", que mantivo relacion laboral con este Concello mediante contrato por obra o servizo entre o 22/04/2015 e ata a finalizacion do mesmo en data 21/10/2015, pola participacion na campaña de desratizacion 2015.

A Xunta de Goberno Local de data 17 de decembro de 2014 acorodu a aprobacion das Bases de Selección de persoas candidatas a beneficiarios do programa VIGO EMPREGA, nas categorías de capataz, Oficial e peón.

Nas mesmas establecece, no apartado 4º en canto a duracion, modalidade e retribucions o seguinte:

Duración. - *A duración determinada inicial establecece:*

Como mínimo 6 meses que coincidirá coa duración da convocatoria do programa VIGO EMPREGA no presente ano, e coas limitaciónss que se establecen no propio programa de emprego VIGO EMPREGA.

As persoas traballadoras seleccionadas ao abeiro deste programa temporal, deben cesar en canto remate a devandita convocatoria do programa VIGO EMPREGA, debendo

figurar esta clausula no apartado correspondente (fin do contrato), do modelo do contrato a formalizar polas persoas beneficiarias seleccionadas.

Establecese un periodo de proba para as persoas contratadas de 1 mes de duración.

Retribucións.-

–As retribucións serán as establecidas no “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións”, que se atope en vigor no momento da contratación.

–As establecidas no Capitulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as).

A Xunta de Goberno Local de data 11535/77, aprobou a “Proposta de contratación do persoal traballador do programa “Vigo Emprega””, a contratar na categoría de Peón Construción no colectivo de maiores de 45 anos, na que se incluía a D Miguel Hernandez Bernandez.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.

No citado Real Decreto Legislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

Dacordo ao informe da Dirección do Laboratorio Municipal de data 05/10/2015 que forma parte do expte 12115-77, aos datos que figuran no requerimento da Inspección de traballo e seguridade social e a Instrución Terceira apartado e) das vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo corresponderíalle o aboamento da cantidade de 139,50 € en concepto de produtividade por toxicidade correspondente ao período maio-xuño 2015.

En consecuencia, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

Dar cumprimento ao requerimento da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Pontevedra de data de entrada no Rexistro Xeral 15/12/2015 e aboar en concepto de produtividade por toxicidade a D.Miguel Hernandez Bernardez, traballador beneficiario do programa de emprego municipal “Vigo Emprega”, a cantidade de 139,50 €, con cargo a partida orzamentaria 920.0.150.00.00-Produtividade.

Dése traslado do presente acordo ao interesado, Intervención Xeral, servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(177).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL:

A) ENCOMENDA DE FUNCÍONS DO POSTO DE XEFE DOS SERVIZOS ELECTROMECAICOS A D. BENJAMÍN COLLAZO RODRÍGUEZ. EXPTE. 27566/220.

Dáse conta do informe-proposta do 08/02/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa de RR HH, que di o seguinte:

“En data 18/01/2016 o Concelleiro Delegado de xestión Municipal e Persoal, a vista da solicitude asinada polo técnico de Xestión da Área de Servizos Xerais, conformado pola Xefatura da Área e o Concelleiro Delegado da área de Fomento, Limpeza e contratación, de data 07/01/2015, relativa a necesidade de encomendar as funcións do posto de xefe dos Servizos Electromecánicos, posto codg retributivo 297, ao funcionario D Benjamin Collazo Rodriguez, actualmente adscrito ao posto codg retributivo 30 “Xefe de Limpeza”, ordea ao Servizo de Recursos Humanos a realización dos trámites administrativos necesarios para encomendar as devanditas funcións ao citado funcionario, retribuíndolles conforme as instrucións de plantilla vixentes.

*A Intervención Xeral, emite informe favorable en data 04/02/2016, realizando reserva de crédito N^a **10917 por importe de 7.757,09 €, cantidade máxima a aboar** calculada en funcións da retribución actual do posto acumulado Xefe/a dos Servizos Electromecánicos, segundo as vixentes Instrucións sobre a Plantilla e Rpt*

Considerando o disposto no artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local e a delegación efectuada en Decreto de data 19 de xuño do 2015 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, ao Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, PROPONSE:

“Primeiro.- *Encomendar provisionalmente ao funcionario D. Benjamin Collazo Rodriguez (NP 78894), adscrito ao posto “Xefe do Servizo de Limpeza”, as funcións correspondentes ao posto Codg retributivo 297 “Xefe/a servizos electromecánicos”, co fin de garantir a*

adecuada prestación do servizo público, con carácter transitorio e sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrita, como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Concelleira da Área.

Segundo.- *A presente encomenda terá carácter estritamente provisional e durará ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestruturación de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais e en todo caso ata 31 de decembro do 2016. devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo. Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable*

Terceiro.- *Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Comité de Persoal para coñecemento e efectos.*

Cuarto.- *Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."*

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal resolveu de conformidade coa anterior proposta o 19/02/16.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

B) TRASLADO DE DNA. CARMEN SASTRE VÁZQUEZ AO SERVIZO DE RELACIÓNS PÚBLICAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 27661/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa de RR HH do 09/02/16, dáse conta da Resolución do 09/02/16, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

"Por orde do servizo da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 08/02/2016 foi ordenado o traslado da funcionaria de carreira do Concello de Vigo D^a CARMEN SASTRE VÁZQUEZ, con nº de persoal 15.941, auxiliar de Administración Xeral, ao Servizo de Relacións Públicas (Alcaldía) do Concello de Vigo.

Visto o informe favorable da xefatura de Recursos Humanos de data 09/02/2016; en considerando as necesidades de reasignación de efectivos nas diferentes áreas e servizos do Concello de Vigo;

Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece a o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, nos seus artigos 73 e 52 a 54; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excma. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do

establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente **RESOLVO**:

Primeiro.- Reasignar á funcionaria de carreira do Concello de Vigo D^a CARMEN SASTRE VÁZQUEZ, con nº de persoal 15.941, auxiliar de Administración Xeral, actualmente adscrita ao Servizo de Turismo, ao Servizo de Relacións Públicas (código 101) onde desenvolverá as funcións propias do posto de traballo e inherentes á praza da cal é titular, dispoñendo igualmente a readscripción da praza e do posto de traballo asociado ao Servizo municipal de Relacións Públicas (código 101-Alcaldía).

Segundo.- De conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e coa finalidade de adecuación das aplicacións orzamentarias á readscripción de praza e posto efectuada, autorízase a transferencia de crédito do posto traballo de auxiliar de admón. Xeral do Servizo de Turismo (código retributivo 138) ao Servizo de Relacións Públicas (código de servizo 101) debendo incorporarse a modificación efectuada ao documento da relación de postos de traballo (RPT).

Terceiro.- Da presente resolución dése traslado ao interesado/a, Servizo de RRPP, Servizo de Turismo, Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social) e Intervención Xeral Municipal aos efectos que procedan.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

C) SOLICITUDE DE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS DO POSTO DE XEFE DE PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ A D. FRANCISCO JAVIER GUTIÉRREZ ORÚE. EXPTE.7285/320.

Dáse conta do informe-proposta do 08/02/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa de RR HH, que di o seguinte:

“En data 11/01/2016 o Concelleiro Delegado de xestión Municipal e Persoal, a vista da solicitude do Concelleiro Delegado da Area Emprego , Participación Cidadá e Voluntariado, de data 18/12/2015, relativa a urxente necesidade de encomendar as funcións do posto de xefe de servizo de Participación e Atención Cidadá, posto 320.01, no funcionario D Francisco J Gutierrez Orue, xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, ordea ao Servizo de Recursos Humanos a realización dos tramites administrativos necesarios para encomendar as funcións ao citado funcionario

*A Intervención Xeral, emite informe favorable en data 04/02/2016, realizando reserva de crédito Nº **10910 por importe de 7.757,09 €, cantidade máxima a aboar** calculada en funcións da retribución actual do posto acumulado Xefe/a fde Participación e Atención Cidadá, segundo as vixentes Instrucións sobre a Plantilla e Rpt*

Considerando o disposto no artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal

funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local e a delegación efectuada en Decreto de data 19 de xuño do 2015 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, ao Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, PROPONSE:

“Primeiro.- *Encomendar provisionalmente ao funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con nº de persoal 13920, funcións de responsable do Servizo de Participación e Atención Cidadá, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo Concelleiro delegado da Área, relacionadas cós servizos adscritos a mesma*

Segundo.- *A presente encomenda terá carácter estritamente provisional e durará ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestruturación de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais e en todo caso ata 31 de decembro do 2016. devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo. Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendadas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable*

Terceiro.- *Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Comité de Persoal para coñecemento e efectos.*

Cuarto.- *Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal resolveu de conformidade coa anterior proposta o 19/02/16.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

D) DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN ANTICIPADA POR VOLUNTADE DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. ANDRÉS A. PARDELLAS AVIÓN. EXPTE.: 27542/220.

Dáse conta do informe-proposta do 01/02/16, da xefa de negociado de Persoal e Seguridade Social, conformado pola xefa de RR HH, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- A medio de instancia de data 13 de xaneiro de 2016, D. Andrés A. Pardellas Avión, con DNI 76.855.321-Q e nº de persoal 9722, solicita a xubilación voluntaria con efectos do 05/02/2016 aportando informativo de xubilación da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS) favorable de data 22/10/2015, acreditando que cumpre os requisitos para acceder a dita situación.

2.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos resultan os seguintes:

- Vínculo xurídico: empregado municipal (laboral)
- Nº de persoal: 9722.
- Data de nacemento: 05/02/1953.
- Praza: Oficial Desinfecto, Subgrupo C2.
- Posto de traballo: Oficial Desinfecto, código 240, adscrito ao Laboratorio Municipal (código 313).
- Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 08.
- Contando a data de xubilación con máis de 41 anos de cotización, segundo informativo de vida laboral aportado polo interesado.

3.- Achégase ao presente expediente informe da Directora do Laboratorio municipal co conforme da Sra. Concelleira-Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, de data 14/01/2016, en relación con dita petición.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015) establece no seu artigo 67.2 que procederá a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que o funcionario reúna os requisitos e condicións establecidas no Réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable.

II.- Así mesmo, o art. 208.1, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015), establece:

" 1. El acceso a la jubilación anticipada por voluntad del interesado exigirá los siguientes requisitos:

a) Tener cumplida una edad que sea inferior en dos años, como máximo, a la edad que en cada caso resulte de aplicación según lo establecido en el artículo 205.1.a), sin que a estos efectos resulten de aplicación los coeficientes reductores a que se refiere el artículo 206.

b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 35 años, sin que, a tales efectos, se tenga en cuenta la parte proporcional por pagas extraordinarias. A estos exclusivos efectos, solo se computará el período de prestación del servicio militar obligatorio o de la prestación social sustitutoria, con el límite máximo de un año.

c) Una vez acreditados los requisitos generales y específicos de dicha modalidad de jubilación, el importe de la pensión a percibir ha de resultar superior a la cuantía de la pensión mínima que correspondería al interesado por su situación familiar al cumplimiento de los 65 años de edad. En caso contrario, no se podrá acceder a esta fórmula de jubilación anticipada. "

III.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado primeiro, V.3) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

IV.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, fórmase ao órgano competente a seguinte proposta de **RESOLUCIÓN**:

"Primeiro.- Declarar a xubilación voluntaria do empregado municipal D. Andrés A. Pardellas Avión, con DNI 76.855.321-Q e nº de persoal 9722, con praza e posto de Oficial Desinfector, con efecto de 05/02/2016, nos termos do informe sobre xubilación acreditativo de cumprimento dos requisitos da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS) e do informe da xefatura do servizo.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ó interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social-Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos."

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal resolveu de conformidade coa anterior proposta o 02/02/16.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

E) DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. JOSÉ RIVEIRO RODRÍGUEZ. EXPTE.: 27636/220.

Dáse conta do informe-proposta do 02/02/16, da xefa de negociado de Persoal e Seguridade Social, conformado pola xefa de RR HH, que di o seguinte:

"ANTECEDENTES

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos en relación a D. José Riveiro Rodríguez, con DNI 35.985.605-N, resultan os datos seguintes:

Vínculo xurídico: funcionario de carreira.

Nº de persoal: 9159.

Data de nacemento: 27/02/1951.

Praza: Oficial Conductor, subgrupo C2 de titulación.

Posto de traballo: Conductor-Palista, código 129, adscrito ó Servizo de Parque Mobil (445).

Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 07, tendo a data de xubilación máis de 41 anos de cotización

2.- Verificado polo Negociado de Seguridade Social o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para a xubilación no servizo activo, procede propoñer a declaración

da xubilación obrigatoria do efectivo indicado, sendo a data de efectos da mesma o 27/02/2016.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser “Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida”, Asímesmo, no seu apartado 3, establece que “A xubilación forzosa se declarará de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade. Nembargantes, nos términos das leis de Función Pública que se dicten en desenrolo deste Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo hasta que se cumpla setenta anos de idade. A administración Pública competente deberá de resolver de xeito motivado a aceptación ou denegación da prolongación”, **en concordancia co establecido no art. 204 e seguintes do Real decreto legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (BOE nº 261 de 31/10/2015), constituindo o nacemento e a extinción do vínculo de servizo/laboral fixo materia de carácter básico para a totalidade dos empregados/as públicos.**

II.- Asímesmo, o Real decreto legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establece na súa disposición transitoria sétima a aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, fixando a idade ordinaria de xubilación en términos de anos e meses durante un período transitorio que se estende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.

III.- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1989 e de aplicación ao persoal funcionario e laboral, contempla a homoxeneidade de réxime xurídico en canto a dereitos e obrigas do persoal municipal funcionario e laboral, establecendo a idade legal de xubilación para ambos colectivos no seu artigo 33 (que debe contextualizarse no marco legal vixente).

IV.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado primeiro, V.3) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, fórmulase ao órgano competente a seguinte proposta de **RESOLUCIÓN:**

Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario de carreira a D. José Riveiro Rodríguez, con DNI 35.985.605-N, con nº de persoal 9159, na praza de Oficial Conductor, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 27/02/2016.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social-Inspector Auxiliar de Persoal)

aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal resolveu de conformidade coa anterior proposta o 02/02/16.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

F) DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. ANTONIO VARELA ÁLVAREZ. EXPTE.: 27635/220.

Dáse conta do informe-proposta do 02/02/16, da xefa de negociado de Persoal e Seguridade Social, conformado pola xefa de RR HH, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos en relación a D. Antonio Varela Alvarez, con DNI 34.593.642-D, resultan os datos seguintes:

Vínculo xurídico: funcionario de carreira.

Nº de persoal: 10487.

Data de nacemento: 18/02/1951.

Praza: Policía Local, subgrupo C1 de titulación.

Posto de traballo: Policía Local, código 134, adscrito ó Servizo de Policía Local (212).

Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 05, tendo a data de xubilación máis de 39 anos de cotización

2.- Verificado polo Negociado de Seguridade Social o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para a xubilación no servizo activo, procede propoñer a declaración da xubilación obrigatoria do efectivo indicado, sendo a data de efectos da mesma o 18/02/2016.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-.- O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser “Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida”, Asímesmo, no seu apartado 3, establece que “A xubilación forzosa se declarará de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade. Nembargantes, nos términos das leis de Función Pública que se dicten en desenrolo deste Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo hasta que se cumpla setenta anos de idade. A administración Pública competente deberá de resolver de xeito motivado a aceptación ou denegación da prolongación”, **en concordancia co establecido no art. 204 e seguintes do Real decreto lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (BOE nº 261 de 31/10/2015), constituindo o nacemento e a extinción do vínculo de servizo/laboral fixo materia de carácter básico para a totalidade dos empregados/as públicos.**

II.- Asimesmo, o Real decreto legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o **Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social**, establece na súa disposición transitoria sétima a aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, fixando a idade ordinaria de xubilación en términos de anos e meses durante un período transitorio que se estende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.

III.- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1989 e de aplicación ao persoal funcionario e laboral, contempla a homoxeneidade de réxime xurídico en canto a dereitos e obrigas do persoal municipal funcionario e laboral, establecendo a idade legal de xubilación para ambos colectivos no seu artigo 33 (que debe contextualizarse no marco legal vixente).

IV.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado primeiro, V.3) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, formúlase ao órgano competente a seguinte proposta de **RESOLUCIÓN**:

“Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario de carreira D. Antonio Varela Alvarez, con DNI 34.593.642-D, con nº de persoal 10487, na praza de Policía, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 18/02/2016.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social-Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal resolveu de conformidade coa anterior proposta o 02/02/16.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

G) DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN ANTICIPADA POR VOLUNTADE DA EMPREGADA PÚBLICA MUNICIPAL DNA. TERESA GONZÁLEZ CARRASCO. EXPTE.: 27480-220.

Dáse conta do informe-proposta do 01/02/16, da xefa de negociado de Persoal e Seguridade Social, conformado pola xefa de RR HH, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- A medio de instancia de data 21 de decembro de 2015, D^a Teresa González Carrasco, con DNI 35.992.474-G, e nº de persoal 6971, solicita a xubilación voluntaria con efectos do

29/02/2016 aportando informativo de xubilación da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS) favorable de data 15/10/2015, acreditando que cumpre os requisitos para acceder a dita situación.

2.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos resultan os seguintes:

- Vínculo xurídico: funcionaria de carreira.
- Nº de persoal: 6971.
- Data de nacemento: 03/05/1952.
- Praza: Administrativa, Subgrupo C1 de titulación.
- Posto de traballo: Xefe Negociado Nóminas, código 210, adscrito ao Negociado de Nóminas da Tesourería Municipal (código 542).
- Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 03.
- Contando a data de xubilación máis de 47 anos de cotización.

3.- Achégase ao presente expediente informe do Sr. Tesoureiro Accidental de data 28/12/2015, en relación con dita petición.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015) establece no seu artigo 67.2 que procederá a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que o funcionario reúna os requisitos e condicións establecidas no Réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable.

II.- Así mesmo, o art. 208.1, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015), establece:

" 1. El acceso a la jubilación anticipada por voluntad del interesado exigirá los siguientes requisitos:

a) Tener cumplida una edad que sea inferior en dos años, como máximo, a la edad que en cada caso resulte de aplicación según lo establecido en el artículo 205.1.a), sin que a estos efectos resulten de aplicación los coeficientes reductores a que se refiere el artículo 206.

b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 35 años, sin que, a tales efectos, se tenga en cuenta la parte proporcional por pagas extraordinarias. A estos exclusivos efectos, solo se computará el período de prestación del servicio militar obligatorio o de la prestación social sustitutoria, con el límite máximo de un año.

c) Una vez acreditados los requisitos generales y específicos de dicha modalidad de jubilación, el importe de la pensión a percibir ha de resultar superior a la cuantía de la pensión mínima que correspondería al interesado por su situación familiar al cumplimiento de los 65 años de edad. En caso contrario, no se podrá acceder a esta fórmula de jubilación anticipada. "

III.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado primeiro, V.3) e con carácter

xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

IV.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, fórmulase ao órgano competente a seguinte proposta de **RESOLUCIÓN**:

“Primeiro.- Declarar a xubilación voluntaria da empregada municipal, funcionaria de carreira, D^a Teresa González Carrasco, con DNI 35.992.474-G, e nº de persoal 6971, con praza de Administrativo e posto de Xefa Negociado Nóminas, con efecto de 29/02/2016, nos termos do informe sobre xubilación acreditativo de cumprimento dos requisitos da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS) e do informe favorable do servizo.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución á interesada, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social-Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal resolveu de conformidade coa anterior proposta o 02/02/16.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

H) DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN ANTICIPADA POR VOLUNTADE DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. BENJAMÍN GUISANDE CARRERA. EXPTE.: 27403-220.

Dáse conta do informe-proposta do 01/02/16, da xefa de negociado de Persoal e Seguridade Social, conformado pola xefa de RR HH, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- A medio de instancia de data 9 de decembro de 2015, D. Benjamín Guisande Carrera, con DNI 35.991.840-Z e nº de persoal 13190, solicita a xubilación voluntaria con efectos do 04/02/2016 aportando informativo de xubilación da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS) favorable de data 07/09/2015, acreditando que cumpre os requisitos para acceder a dita situación.

2.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos resultan os seguintes:

- Vínculo xurídico: funcionario de carreira.
- Nº de persoal: 13190,
- Data de nacemento: 03/05/1952,
- Praza: Oficial Conductor, Subgrupo C2 de titulación.
- Posto de traballo: Conductor-Palista, código 276, adscrito ao Parque Parque Móbil (código 445).
- Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 08.

- *Contando a data de xubilación máis de 39 anos de cotización, segundo informativo de vida laboral aportado polo interesado.*

3.- Achégase ao presente expediente informe favorable do Xefe de Mantemento dos Vías Municipais co conforme da Xefatura da Área de Fomento, de data 07/01/2016, en relación con dita petición.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015) establece no seu artigo 67.2 que procederá a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que o funcionario reúna os requisitos e condicións establecidas no Réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable.

II.- Así mesmo, o art. 208.1, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015), establece:

" 1. El acceso a la jubilación anticipada por voluntad del interesado exigirá los siguientes requisitos:

a) Tener cumplida una edad que sea inferior en dos años, como máximo, a la edad que en cada caso resulte de aplicación según lo establecido en el artículo 205.1.a), sin que a estos efectos resulten de aplicación los coeficientes reductores a que se refiere el artículo 206.

b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 35 años, sin que, a tales efectos, se tenga en cuenta la parte proporcional por pagas extraordinarias. A estos exclusivos efectos, solo se computará el período de prestación del servicio militar obligatorio o de la prestación social sustitutoria, con el límite máximo de un año.

c) Una vez acreditados los requisitos generales y específicos de dicha modalidad de jubilación, el importe de la pensión a percibir ha de resultar superior a la cuantía de la pensión mínima que correspondería al interesado por su situación familiar al cumplimiento de los 65 años de edad. En caso contrario, no se podrá acceder a esta fórmula de jubilación anticipada. "

III.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado primeiro, V.3) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

*IV.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, fórmase ao órgano competente a seguinte proposta de **RESOLUCIÓN**:*

"Primeiro.- Declarar a xubilación voluntaria do empregado municipal, funcionario de carreira, D. Benjamín Guisande Carrera, con DNI 35.991.840-Z e nº de persoal 13190, con praza de Oficial Conductor e posto de Conductor-Palista, con efectos do 04/02/2016, nos

termos do informe sobre xubilación acreditativo de cumprimento dos requisitos da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS) e do informe favorable do servizo.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ó interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social-Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal resolveu de conformidade coa anterior proposta o 02/02/16.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

I)EXECUCIÓN DA SENTENZA Nº 407/2015, DO XDO. C-A. Nº 1 NO P.A. 455/2015, INTERPOSTO POR D. AMANTINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ. EXPTE. 27732/220.

Dáse conta do informe-proposta do 19/02/16, da xefa de negociado de Persoal e Seguridade Social, conformado pola xefa de RR HH, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- Pola Asesoría Xurídica Municipal comunícase a este Servizo de Recursos Humanos sentenza nº 407/2015, de 9 de decembro de 2015, dictada no procedemento abreviado 455/2015 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 dos de Vigo, interposto por D. Amantino Fernández Fernández, en relación co abono do incentivo á xubilación anticipada.

2.- Na indicada sentenza fallase literalmente:

“Que debo estimar y estimo en parte el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D. Amantino Fernández Fernández frente al Concello de Vigo, seguido comp proceso abreviado número 455/2015 ante este Juzgado; en consecuencia, debo declarar y declaro que el demandante obtuvo, por silencio administrativo positivo, el derecho a percibir el incentivo por jubilación anticipada por importe de 3.600 euros, contenido en la petición dirigida al Concello en fecha 07.05.2015; en consecuencia, condeno a la Administración municipal demandada a ejecutar ese acto administrativo firme mediante el pago de la meritada suma dineraria, más los intereses legales desde esa fecha.”

3.- Deuse conta de dita sentenza á Xunta de Goberno Local pola Asesoría Xurídica, comunicando a súa firmeza a este Servizo de Recursos Humanos en data 13.01.2016.

4.- Efectuados os cálculos correspondentes aos intereses corresponderíalle 106.52 €.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignent; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.

II.- A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118); en idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

*III.- Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na **Sentenza 66/1982, de 12 de novembro**, e que constitúe criterio xurisprudencial, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".*

*IV. Efectuado RC Nº 14452 pola Intervención Xeral con cargo a aplicación orzamentaria 22101610400 por importe de 3.706,52 € e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**:*

"PRIMEIRO.- Dar cumprimento ao mandato xudicial contido na Sentenza nº 407/2015, de 9 de decembro de 2015, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no r.c-a (p.a) nº 455/2015, interposto por D. Amantino Fernández Fernández, DNI 35541630-Y, e en consecuencia ordenar o aboamento dun importe de 3.166,52 € (3.600 € principal, menos a retención de IRPF 15% 540, máis 106,52 € de intereses) con cargo ao RC 14452 da aplicación orzamentaria 22101610400, que deberá ingresarse na conta do interesado nº ES 1221004713160100338474.

SEGUNDO.- Pola Tesourería Municipal, deberá comunicarse ao Servizo de Recursos Humanos a data de pagamento efectivo para que pola Asesoría Xurídica Municipal se poda dar conta de dita execución ao Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1, notificando asemade ao interesado, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal."

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal resolveu de conformidade coa anterior proposta o 19/02/16.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**K) REDUCIÓN DA XORNADA LABORAL DA EMPREGADA PÚBLICA DNA.
VIRGINIA PEREIRAS BERMEJO. EXPTE.: 27644/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 18/02/16, da xefa de RR HH, que di o seguinte:

“A medio de escrito de data 28/01/2016 (doc. nº 1600100154), D^a Virginia Pereiras Bermejo, con DNI nº 78737463-E e nº persoal 80769, auxiliar administrativa que desenvolve as súas funcións no Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, solicita redución de xornada coa correspondente redución de retribucións por motivos de conciliación familiar, concretada en dúas horas, entrando ás 10,00 h. e saíndo as 15,00 h.

O Art. 48.h) do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, de 31/10/2015), establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o coidado directo dalgún menor de doce anos, de persoa maior que requira especial dedicación, ou dunha persoa con discapacidade que non desenvolva actividade retribuída, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións que corresponda.

Solicitado informe á Xefatura do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, por este emítase informe con data 09/02/2016, que se incorpora ao presente expediente, no que non se formula ningunha obxección a dita petición.

Á vista das circunstancias anteriormente mencionadas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local; visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Único.- Autorizar a D^a Virginia Pereiras Bermejo, con DNI nº 78737463-E e nº persoal 80769, auxiliar administrativa que desenvolve as súas funcións no Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, unha redución de xornada de dúas horas, coa correspondente redución de retribucións de conformidade co previsto no art. 48.h) do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, quedando o seu horario establecido de 10 a 15 horas.

A presente resolución notifíquese á interesada, Xefatura do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, Intervención Xeral, Recursos Humanos (técnico de organización e planificación de RR.HH, Inspector Auxiliar de Persoal e Negociado de Seguridade Social) e dese conta á Xunta de Goberno Local.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal resolveu de conformidade coa anterior proposta o 18/02/16.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

22(178).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 94856/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17/02/16, dáse conta do informe-proposta do 01/02/16, do xefe da área de Seguridade e Mobilidade, conformado polo asesor xurídico de área, polo concelleiro-delegado de Seguridade e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

"I. ANTECEDENTES.

I. Por resolución da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria de 17 de xaneiro de 2011 (expediente 74838/210), adxudicouse á mercantil IMESAPI S.A. o contrato do Servizo de mantemento da sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo.

II. O devandito contrato foi formalmente subscrito, en documento administrativo, o día 14 de febreiro daquel mesmo ano, tendo unha vixencia de catro anos, sen prexuízo das prórrogas susceptibles de seren concedidas.

III. A data de inicio do contrato, de conformidade co disposto na punto 2.3.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, correspóndese co primeiro día do mes seguinte a aquel no que se asine o contrato, comezando a súa vixencia, polo tanto, 1 de marzo de 2011.

IV. Con data 14 de outubro de 2014 D. Xosé Manuel Martínez González, actuando en representación da mercantil IMESAPI S.A., presenta escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (documento con número de entrada 140123587) solicitando a primeira prórroga do contrato.

V. Por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión extraordinaria e urxente de 11 de febreiro de 2015 acordouse a primeira prórroga do contrato do servizo de mantemento da sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo, subscrito o día 14 de febreiro de 2011 coa mercantil IMESAPI, S.A., por un período dun ano.

VI. Con data 28 de setembro de 2015, o mesmo representante legal da mercantil IMESAPI S.A., presenta escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (documento con número de entrada 150122494), solicitando a segunda prórroga do contrato.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO.

II.I. Segundo o disposto na Cláusula 2.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rexeu o procedemento competitivo para a selección do contratista, en concordancia co previsto no apartado 7.3 da Folla de Especificacións do Contrato (FEC), anexo ao devandito Prego, así como na Cláusula 4ª do contrato subscrito coa mercantil adxudicataria, o prazo do contrato será de catro anos, cunha prórroga de dous anos, prorrogable ano a ano, previo acordo expreso do poder adxudicador (Xunta de Goberno Local).

II.II. Ata a data, a execución do Contrato veuse realizando con arranxo aos compromisos asumidos polo contratista e con suxeición aos estándares ordinarios de calidade esixibles, polo que non existiría razón ningunha, cando menos de estrita natureza obrigatoria, que

xustificase unha eventual denegación da solicitude de prórroga contractual presentada polo contratista, agás razóns de orde orzamentaria que puidesen ser advertidas pola Intervención municipal.

II.III. O cálculo previsto no período da segunda prórroga sería de 480.454,16 euros segundo a desagregación seguinte:

- Gasto previsto no período comprendido entre 1 de marzo a 31 de decembro de 2016: 430.454,16 €.
- Gasto previsto no período comprendido entre 1 de xaneiro de 2017 ao 28 de febreiro de 2017: 50.000,00 €.

Porén, e ao non constar terse accedido aínda á revisión de prezos para o presente exercicio económico, a eventual prórroga, de acordarse, realizaríase sen prexuízo dos dereitos económicos que puideran derivarse para o contratista resultado da revisión de prezos que procedese acordar.

II.IV. O expediente deberá ser obxecto da correspondente operación contable de Reserva de Crédito (RC), así como do Informe de fiscalización que haberá de emitirse pola Intervención Xeral, de conformidade co artigo 136 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e 214 concordantes do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

III. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

En atención ao anteriormente exposto, e vistos os artigos 23.2, 25.1, 26.1 letra g), 208, 209 e 303.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP), en concordancia co disposto na Cláusula 2.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rexeu a contratación, no apartado 7.3 da Folla de Especificacións do Contrato (FEC) e na Cláusula 4ª do contrato suscrito coa mercantil adjudicataria, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

“Primeiro.- Autorizar, por un período dun ano, a contar dende o 1 de marzo de 2016 ao 28 de febreiro de 2017, a segunda prórroga do contrato do servizo de mantemento da sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo, suscrito o día 14 de febreiro de 2011 coa mercantil IMESAPI, S.A., con cargo á partida orzamentaria 1330 2279902 (Concesión marcas e Viais), cunha previsión de gasto no período de prórroga nos exercicios 2016-2017 de 480.454,16 euros (430.454,16 euros correspondentes ao período comprendido entre o 1 de marzo ao 31 de decembro de 2016 e 50.000,00 euros ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 ao 28 de febreiro de 2017), sen prexuízo da revisión de prezos á que houber lugar de acordo coas determinacións contidas nos Pregos de Cláusulas técnicas e administrativas que rexeron a contratación.

Segundo.- A prórroga concedida condiciónase, na súa validez e eficacia, a que o contratista manteña a contratación dunha póliza de responsabilidade civil por contía non inferior a 2.000.000 de euros polo período autorizado, consonte ao disposto no apartado 19 da Folla de Especificacións do Contrato (FEC).

Terceiro.- Indicar ao interesado/a que a resolución que se lle notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109 c) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común. Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes contado a partir do día

seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992. Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa, e 116 e concordantes da Lei 30/1992, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación. Todo elo sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(179).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 17.231,30 € A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA S.A. POLOS SERVIZOS DE APOIO Á XESTIÓN DO APARCAMENTO SITO NO SUBSOLO DA PRAZA DE PORTUGAL -DECEMBRO 2015. EXPTE. 961/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17/02/16, dáse conta do informe-proposta do 01/02/16, da xefa do servizo de Transportes conformado pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

“En base ao disposto no Decreto de Delegación de competencias ditado pola Alcaldía na data de 19 xuño de 2015, inclúense competencias en materia de aparcamentos públicos na Area de Transportes, polo que remítense a este servizo as facturas presentadas por Interparking Hispania SA polos servizos de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da praza de Portugal. Ditas facturas así como o expediente que orixina as mesmas, con anterioridade eran xestionadas na Area de mobilidade, transportes e seguridade .

ANTECEDENTES : Consultados os antecedentes obrantes nos servizos municipais comprobouse o seguinte :

Ante a finalización da concesión para a xestión do aparcadoiro sito no subsolo da Praza de Portugal o 4 de maio de 2011, o Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 21 de marzo de 2011 (exp. nº 79773/210), acordou aprobar a xestión directa pola propia entidade local como forma de xestión provisional do servizo público ata tanto non se rematase a tramitación do expediente administrativo nº 78889/210 e se adxudicase a xestión do servizo a un novo concesionario xestionándose deste xeito o servizo por xestión indirecta.

Con data 04 de maio de 2011, o Concelleiro Delegado de Mobilidade asinou un contrato menor de servizos a prol de “INTERPARKING HISPANIA, S.A”. En virtude deste contrato (Exp. nº 80201/210/2011), cunha duración de catro meses máximo, dita entidade mercantil prestaría o servizo consistente na realización de actuacións de apoio ao funcionamento ordinario do aparcamento sito na Praza de Portugal . O destinatario das prestacións neste contrato era a propia Administración Municipal, sendo esta quen debía retribuír mensualmente ao contratista polos servizos prestados, con cargo á partida orzamentaria 1330 2270605 por un importe mensual de 5.309,70 € (ive engadido) Asemade, a cláusula 3ª do contrato menor de servizos establecía que “INTERPARKING HISPANIA, S.A” asumiría provisionalmente o pagamento dos gastos de funcionamento do aparcamento (ex. auga, luz ...), xirando inmediatamente dita facturación ao Concello para o seu reembolso. Dito

contrato menor, que finalizou o 04 de setembro de 2011, asinábase ao amparo do establecido no art. 10 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

En data 04 de setembro de 2011, o Sr. Concelleiro Delegado de Mobilidade asina una Instrución autorizando á mercantil "INTERPARKING HISPANIA, S.A" a continuar prestando o servizo nas mesmas condicións que o viña realizando anteriormente, e manifesta que ditos servizos retribuíranse a través dunha indemnización substitutiva ao abeiro do previsto na base 28ª das de execución do orzamento municipal. Asemade, consta Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012 autorizando á mercantil a continuar prestando os servizos nas mesmas condicións que o ven realizando ata tanto non se adxudique o servizo público referido.

O expediente de adxudicación da xestión do aparcadoiro estaba pendente dun informe da Xunta Consultiva de Contratación solicitado na data 7 de maio de 2013 non obstante ante o transcurso do prazo razoable para a emisión do mesmo, iniciouse un novo expediente para a adxudicación da xestión do servizo público con número 429/449 en trámite na actualidade e en fase de adxudicación, polo que INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven achegando mensualmente a facturación polos servizos que está a prestar sen cobertura contractual. De non tramitar esta facturación, con arreglo á base 28ª das de execución do orzamento mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que "INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven prestando os servizos en base á Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012.

Na data 14 de decembro de 2015 procedeuse ao peche definitivo do aparcadoiro xa que por estar o expediente en fase de adxudicación debía quedar dispoñible e libre para poder efectuar a adxudicación, polo que a facturación e a correspondente aos 14 primeiros días de decembro .

A FACTURACION e a seguinte :

DECEMBRO 2015

| Concepto | Nº factura | Importe | Data entrada | Nº Documento |
|--|--------------|-------------|--------------|--------------|
| Funcionamento Ordinario Aparcadoiro | FE5015000023 | 2.459,03, € | 13/01/16 | 160003027 |
| Refacturación gastos mantemento/xestión Aparcadoiro | FE5016000001 | 14.772,27 € | 19/01/2016 | 160005770 |

Con data 18 de XANEIRO de 2016 , doc. Nº160005184 , Doña Virginia Pascual Rodríguez actuando en representación de "Interparking Hispania, S.A", presenta escrito no rexistro xeral do Concello de Vigo no que, entre outros aspectos, declara como ingresos do aparcamento relativos ao mes de DECEMBRO de 2015 un total 21.737.57 € (ive engadido) e solicita no devandito documento que se teña por compensada a cantidade de 17.231,3 € (funcionamento ordinario parking DECEMBRO 2015: 2.459,03 € + refacturación gastos mantemento parking DECEMBRO 2015 : 14.772,27 €).

Realízanse axustes por importe de 37.720 € que se explican no apartado 3 do documento polo que a cantidade que ingresan e 42.446,34 € en vez dos 4.506,26 € que procederían .

A facturación realizada pola empresa e correcta e foi conformada polos servizos municipais

Segundo consta na certificación asinada polo Tesoureiro Municipal, "Interparking Hispania S.A", con NIF A60526928 fixo efectivo, mediante transferencia bancaria, o seguinte ingreso en concepto de "recadación aparcamento Praza de Portugal :

| MES | IMPORTE | DATA DE INGRESO |
|----------|-------------|-----------------------|
| DECEMBRO | 42.446,34 € | 14 de xaneiro de 2016 |

A variación do importe do funcionamento ordinario do parking do prezo que figura no contrato menor de servizos (5.309,70 €) ata (5.445 €) e debido a variación do IVE no mes de setembro de 2012 .

Finalizado o servizo debe efectuarse a regularización da totalidade da facturación .

Con relación ás solicitudes presentadas pola empresa Interparking Hispania S.A relativas a aplicación da compensación debe considerarse o informe emitido polo Tesoureiro Municipal en data 20/03/2012 con relación á solicitude presentada pola empresa o 13/03/2012 (doc. Nº 120028854), compensación que se ven efectuando dende a data :

O Tesoureiro informa que "para que proceda o instituto da compensación, resulta necesaria a concorrencia dun requisito ineludible, como é que a persoa ou entidade debedora sexa ó mesmo tempo acreedora por créditos recoñecidos por acto administrativo ó seu favor. Informa o Tesoureiro Municipal que non existe crédito recoñecido algún a favor da entidade debedora que se atope pendente de aboamento (fases "O" de recoñecemento da obriga ou "P" de ordenación do pagamento), polo que procedería a denegación da compensación presentada."

Non obstante, o Tesoureiro informa que: "(...) non podemos olvidar que, como recorda o Tribunal Económico Administrativo Central ... non parece lóxico, nin acorde cos principios constitucionais de eficacia e os legais de eficiencia e servizo aos cidadáns, denegar unha solicitude de compensación para a que se daban todos os requisitos legais ou, senón se daban, era por un retraso imputable á propia Administración que, en tal caso, debería resolver o procedente sobre o crédito e, acto seguido, sobre a compensación instada. Como consecuencia do exposto con anterioridade, pode resultar procedente a concesión da compensación dun crédito que no momento da solicitude non se atopa recoñecido por non existir un acto administrativo expreso de recoñecemento, como podería ser o caso que nos ocupa. Esta posibilidade aparece máis clara dende a entrada en vigor da nova Lei Xeral Tributaria na que se recoñece o carácter meramente declarativo do acordo de compensación, de forma que a extinción do crédito producírase no intre no que se cumpran os requisitos para débeda e crédito. Pola súa beira, os artigos 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 11 do Real Decreto 500/1990 consagran o principio do presuposto bruto dispoñendo a prohibición de atender obrigas de pago, mediante minoración dos dereitos a liquidar ou xa ingresados, polo que deberán aplicarse os dereitos e as obrigas aos orzamentos do Concello de Vigo polo seu importe íntegro (...)"

O Tesoureiro Municipal conclúe no devandito informe manifestando que "(...) debe procederse a tramitar ou rexeitar as facturas presentadas pola mercantil INTERPARKING HISPANIA S.A, isto é, resolver a procedencia ou non do crédito derivado das facturas presentadas pola citada entidade que se atopan pendentes de

tramitación polo servizo xestor correspondente, pois parece lóxico ... que previamente á resolución da solicitude de compensación deba resolverse o procedente sobre o crédito (...)”.

Tendo en conta todo o ata aquí exposto, considerase que ao abeiro do previsto na Base 28ª das de execución do orzamento municipal , e coa finalidade de evitar un enriquecemento inxusto para a Administración municipal por haberse efectuado a favor de esta os servizos consignados na facturación achegada , procede aprobar a indemnización substitutiva a favor de INTERPARKING HISPANIA S.A polos servizos prestados de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola empresa DURANTE O MES DECEMBRO DE 2015 e ate o día 14, por un importe total de 17.231,3 € e con cargo a partida 1330.2279907 (prestación de servizos aparcadoiro praza de Portugal) .

Polo exposto, sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local, previa fiscalización favorable do Interventor Xeral, a seguinte PROPOSTA,

PRIMEIRO :Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigaón a favor de “INTERPARKING HISPANIA, S.A”, con CIF 60526928-A, polos servizos prestados de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola cidade entidade mercantil, con cargo á partida 1330.2279907 (Prestación de servizos aparcamento Praza de Portugal), polo importe total de 17.231,3 € (ive engadido) correspondente a :

DECEMBRO 2015 : (funcionamento ordinario parking decembro 2015: 2.459,03 € + refacturación gastos mantemento parking decembro 2015 : 14.772,27 €).

SEGUNDO : Instar do órgano municipal competente que o pago da obriga derivada do contido do apartado primeiro e de conformidade cos informes obrantes no expediente realícese mediante compensación .

TERCEIRO: Unha vez efectuada a emisión da factura polo Concello, efectuarase a liquidación definitiva pola finalización da prestación do servizo.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

24(180).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “CAMPEONATO GALLEGO DE CAMPO A TRAVÉS” O VINDEIRO 2 DE MARZO DE 2016. 14905/333.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23/02/16 do director deportivo-xefe da unidade técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES:

A Federación Gallega de Deporte Adaptado, con CIF (G27816271), solicitou , a través do Rexistro Municipal (Doc.160015582), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público, por inclemencias do tempo suspendese a proba que estaba prevista para o mércores 24 de febreiro e pásase para o vindeiro mércores 2 de marzo de 2016.

- *Nome do evento: CAMPEONATO GALLEGO CAMPO A TRAVÉS*
- *Horario: 08.30h A 14.30h*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o vindeiro mércores 2 de marzo de 2016; esta proba comenará ás 8.30h e rematará ás 14.30h. A proba se levará a cabo no Parque de Castrelos.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Montes Parques e xardíns*
- *Protección civil*
- *Electromecánicos*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á A Federación Gallega Deporte Adaptado, con CIF (G27816271), a organizar o vindeiro mércores 2 de marzo de 2016, a proba denominada CAMPEONATO GALLEGO CAMPO A TRAVÉS, esta proba deportiva comenizará ás 08.30h e rematará ás 14.30h, a proba se levará a cabo integramente no Parque de Castrelos.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(181).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DE “BICIRUTAS 2016”, O VINDEIRO 28 FEBREIRO 2016. EXPTE. 14915/333.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo-xefe da unidade técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES:

A Concellería de Deportes, conxuntamente co Club Ciclista Vigués, con CIF (G36650885), solicitou, a través do Rexistro Municipal (Doc.160018671), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: BICI RUTAS 2016*
- *Data: 28 DE FEBREIRO DE 2016*
- *Horario:10.30h A 13.00h*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita proba, a primeira ruta terá lugar o vindeiro **domingo 28 de febreiro**, con saída dende a Porta do Sol e percorrerá por : Paseo Elduayen, Paseo Alfonso XIII, Rúa Pi Margall, Rúa López Mora, Avenida Camelias, Rúa Pintor Lugrís, Rúa Regueiro, (cruce Gran Vía), Rúa do Carme, Rúa da Pastora, Baixada a Igrexa, Baixada ao Pontillón (entrada ao parque ao pasar a ponte), Parque de Castrelos, Avenida Castrelos, Senda do Río Lagares (Avenida Portanet, Avenida Citroën, rotonda de San Andrés) Camiño Caramuxo, Avenida Ricardo Mella, Camiño dos Muiños, Rúa do Río, Avenida de Samil. Camiño da Garita, Camiño de Sobreira, Camiño a Freixeiro, Avenida de Europa, Avenida Castelao, Avenida Camelias, Praza da Independencia, Avenida Camelias, Rúa Romil, Paseo de Alfonso XIII, Paseo Elduayen, Porta do Sol.*

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Club ciclista vigués, con CIF (G36650885) a organizar o vindeiro domingo 28 de febreiro, as BICI RUTAS 2016, a saída das rutas será ás 10.30 horas dende a Porta do Sol; a continuación relaciónanse o percorrido da rutas:

Domingo 28 de febreiro, *saída Porta do Sol seguindo por Paseo Elduayen, Paseo Alfonso XIII, Rúa Pi Margall, Rúa López Mora, Avenida Camelias, Rúa Pintor Lugo, Rúa Regueiro, (cruce Gran Vía), Rúa do Carme, Rúa da Pastora, Baixada a Igrexa, Baixada ao Pontillón (entrada ao parque ao pasar a ponte), Parque de Castrelos, Avenida Castrelos, Senda do Río Lagares (Avenida Portanet, Avenida Citroën, rotonda de San Andrés) Camiño Caramuxo, Avenida Ricardo Mella, Camiño dos Muiños, Rúa do Río, Avenida de Samil. Camiño da Garita, Camiño de Sobreira, Camiño a Freixeiro, Avenida de Europa, Avenida Castela, Avenida Camelias, Praza da Independencia, Avenida Camelias, Rúa Romil, Paseo de Alfonso XIII, Paseo Elduayen, Porta do Sol.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(182).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

rs.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA

DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.